



En rumbo de colisión



INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



IGADI

En Galicia
temos
opinión
do Mundo

www.igadi.org



En rumbo de colisión



Coordinación editorial:

Roberto Mansilla Blanco

Dirección:

Daniel González Palau e Xulio Ríos

Equipo colaborador:

Alfredo Toro Hardy, Augusto Zamora, David Alvarado, Frederico de Almeida, Jared D. Larson, Marola Padín Novás, María Xosé Porteiro, Micaela Fernández Darriba, Miriam González Francisco, Pablo L. Orosa, Roberto Mansilla Blanco.

Maquetación: PositiBos.gal

ISSN: 1989-9130

OBSERVACIÓN: As opinións expresadas non reflicten necesariamente as do IGADI e son responsabilidade dos seus autores.

Índice

1. **Introdución**

Unha Terceira Guerra Mundial: Cómo e porqué?, por Alfredo Toro Hardy 4

2. **As chaves de 2018**

2.1. O malestar europeo 7

2.2. A volta do medo nuclear 8

2.3. A guerra comercial e dixital EUA-China 10

2.4. Migracións: desafío político e demográfico 11

2.5. O quecemento global: COP24 13

3. **Perspectivas 2019**

3.1. Europa: novo Parlamento (2019-2024) en tempos turbulentos 15

3.2. Irán: a crise dos 40? 16

3.3. A estratexia de Indo-Pacífico 17

3.4. Trinta anos de Tiananmen 19

3.5. África: un 2019 decisivo 21

4. **Reflexións por áreas xeográficas**

4.1. Tunicia en 2019: a revolución a proba da crúa realidade, por David Alvarado 23

4.2. Ucraína. Presidenciais 2019, por Miriam González Francisco 24

4.3. Taiwán, mudando de pel, trocando as perspectivas de futuro?,
por Marola Padín Novas 27

4.4. “Agora que si nos ven”. Visibilidades e tensións que ofrece o feminismo
arxentino na puxa electoral 2019, por Micaela Fernández Darriba 28

4.5. África subsahariana: desafíos democráticos para deixar atrás o estigma
dos dramas humanitarios, por Pablo L. Orosa 31

5. **Reflexións transversais**

5.1. Os choques de nacionalismos de gran potencia (EUA, Rusia, China),
por Jared D. Larson 33

5.2. O Poder Judiciário como arma política, por Frederico de Almeida 34

5.3. Balance da estratexia electoral da esquerda latinoamericana,
por Augusto Zamora R. 35

5.4. América Latina e o Caribe: axenda feminista, por María Xosé Porteiro 37

5.5. A revitalización da “Gran Eurasia”, por Roberto Mansilla Blanco 38

6. **Personaxes de 2018**

Jair Bolsonaro, Sahlework Zerde, Matteo Salvini, Meng Wanzhou, Theresa May 41

7. **Os autores** 45

1.

Introducción

Unha Terceira Guerra Mundial: Cómo e porqué?

Alfredo Toro Hardy⁽¹⁾

Cales serían as razóns mais probables que poderían desatar unha Terceira Guerra Mundial? Cal sería o seu punto de orixe? Cara onde podería expandirse? Formularse respostas a preguntas como estas requiren do pensamento estratéxico. Neste breve artigo poñemos sobre o tapete algunhas liñas básicas.

China emerxe con forza. EUA declina. O escenario mais probable dunha guerra mundial por vir sería entre ambos e tería, na súa orixe, un carácter rexional. O punto de partida sería, en efecto, unha confrontación polo control da rexión de Asia-Pacífico. A partir de alí, calquera configuración de factores resultaría sen embargo posible. Non é baixo o risco de que un conflito desta natureza puidese adquirir carácter global.

China aspira a xogar un papel hexemónico nos mares do Leste e do Sur de China, cuxa proxección alcanzaría ata a primeira cadea de grandes illas (Xapón, Filipinas, etc.). De xeito mais modesto, pero tamén mais inmediato, Beijing desexaría facer do Mar do Sur de

China o equivalente ao que o Mar Caribe ten sido para EUA dende finais do século XIX. Todo o anterior enmarcaríase dentro dun espazo sino-céntrico que englobaría ás nacións-Estado de Asia-Pacífico.

Varias razóns conflúen a sustentar este desexo chinés. En primeiro lugar, a súa crecente viabilidade militar. Grazas á proximidade física, a súa potente tecnoloxía militar asimétrica (nas que armas de custo modesto poden destruír a portaavións ou a satélites, cuxo valor alcanza a múltiples miles de millóns de dólares), ao seu desenvolvemento ciber militar e ao seu posicionamento armado nunha extensa rede de illas, China evoluciona aceleradamente cara un control do teatro de operacións. En segundo lugar, a súa superioridade económica sobre os EUA crecerá a pasos axigantados nas próximas décadas. Calcúlase que, para o ano 2040, a porcentaxe de bens e de servizos producidos pola economía estadounidense será do 11% do global, mentres que o de China alcanzará ao 30%.

De acordo ás proxeccións, para o 2050, o PIB chinés duplicará ou incluso podería chegar a triplicar ao de EUA. En terceiro lugar, China, que foi potencia dominante nesa parte do mundo por miles de anos, e que veu alterada esa posición logo dun século de humillacións por parte de potencias estranxeiras, considera chegado o momento de restablecer o equilibrio natural das cousas⁽²⁾.

Para evitar unha guerra, EUA debería estar disposto a tres cousas. Un, abdicar ao seu liderado nesa parte do mundo. Dous, de-

(1) Diplomático e académico venezolano. Embaixador retirado e autor de 19 libros en relacións internacionais. Alfredo Toro Hardy inaugura o apartado de firmas convidadas na sección de Introducción do noso informe IGADI Annual Report.

(2) Michael Pillsbury, *The Hundred-Year Marathon*, New York, Henry Holt and Company, 2016; Graham Allison, *Destined for War*, Boston, Mariner Books, 2017; Edward Luce, *The Retreat of Western Liberalism*, London, Little, Brown, 2017.

sentenderse das importantes alianzas militares que o atan ao mesmo. Tres, asumir o custe sobre o seu prestixio e preeminencia mundial das ondas expansivas que de alí derivarían. Iso, a non dubidalo, loce en extremo costa arriba. Rubricar explicitamente a propia decadencia non é algo doado.

Sen embargo, mais difícil aínda sería que Beijing aceptase un papel de subordinación permanente na súa esfera de influencia histórica, cando a súa fortaleza bríndalle a oportunidade de reverter a situación. O presidente chinés **Xi Jinping** xa indicou ás súas forzas armadas que deben prepararse para a guerra. Ambas partes atópanse así en rueiros sen saída e en curso de colisión directa. Alí configúrase a clásica “Trampa de Tucídides”, segundo a cal cando o rápido ascenso dunha potencia ameaza con desprazar ao poder dominante, a guerra constitúe a regra e non a excepción. Segundo afirma **Graham Allison**, na obra xa anteriormente citada, iso ocorreu en doce de dezaseis ocasións nos derradeiros quíñentos anos.

Un conflito desta natureza podería non só desenvolverse dentro do ámbito do armamento convencional, senón que podería circunscribirse a un marco rexional. De facerse inevitable a guerra, iso sería sen dúbida o desexable. O maior risco de que isto non ocorrese vería determinado pola busca de alianzas. Estas últimas complicarían considerablemente a situación, expandindo non só a dimensión xeográfica involucrada senón elevando o risco de pasar ao limiar nuclear. A entrada de Rusia ao conflito representaría a peor das hipóteses formuladas.

Lamentablemente, a conformación dun eixe Beijing-Moscova loce probable en caso de guerra. Por unha banda, China segura-

mente brindaría todo tipo de incentivos a Rusia co propósito de abrir unha segunda fronte que a aliviase do pleno impacto das forzas estadounidenses. Por outra banda, Rusia atoparía os seus propios incentivos nas contas que ten pendente cun Occidente que tena humillado grandemente desde o colapso da URSS, así como na axenda xeopolítica expansiva que aquel lle limita. Esta axenda incluiría a reconstitución dunha parte do seu vello espazo de influencia, considerado como fundamental para conter a penetración aos seus espazos interiores. Unha entrada en escena de Moscova no conflito aparellaría, a súa vez, á da OTAN. Iso non só lle daría a este un carácter global, senón que elevaría o risco de dar o salto cara o nuclear.

Sen embargo, alén de Rusia, o problema das alianzas é que en Asia case todos pareceran ter contas por resarcirse dalgún veciño. Asia, nunca debe esquecerse, é non só o continente de mais rápido crecemento económico do planeta, senón tamén o que evidencia maiores fallas tectónicas en materia de seguridade. Isto configuraríase unha perigosa dinámica de fieira de dominó. India contra China, Paquistán contra India, Irán contra Arabia Saudita e os países do Golfo Pérsico. E así sucesivamente.

Cómo evitarse, sen embargo, que os dous contendentes primixenios dun conflito polo control da rexión Asia-Pacífico, non recorresen a aliados tan doados de obter? Non aproveitaría Washington a animadversión recíproca e as controversias sino-xaponesas ou sino-vietnamitas ou as inseguridades indias fronte ao expansionismo xeoestratéxico chinés? Non se valería Beijing do estado de belixerancia nunca resolto entre Corea do Norte e EUA?

Cómo limitar os termos do conflito unha vez que actores tan diversos, e con disputas tan arraigadas como variadas, entrasen en xogo? Cómo evitar a escalada cando non só os contendentes primixenios, senón tamén varios dos seus aliados, disporían de armamento nuclear? Cómo definir unha axenda

de paz negociada cando serían tantos os intereses en xogo?

Así as cousas, o futuro parecera oscilar entre dous males: o menor e o maior. O menor desestabilizaría profundamente ao planeta enteiro. O maior podería acabar coa raza humana.

2.

As claves de 2018

2.1. O malestar europeo

En tempos dun incerto Brexit e coa auxe de expresións populistas euroescépticas que cuestionan seriamente o modelo de integración, Europa móvese nun delicado terreo de indefinición política, con expectativas de acentuar a súa crise social e económica.

A súbita rebelión do heteroxéneo movemento dos denominados “chalecos amarelos” en Francia é un síntoma estrutural que revela as dificultades pola que atravesamos unha Unión Europea (UE) politicamente dividida e socialmente polarizada. As expectativas de eventual expansión cara outros países europeos desta protesta cidadá en Francia están no centro da atención política, tomando en conta que a mesma cobra forza entre as clases medias e populares afectadas pola precariedade das erráticas medidas “anticrise”.

En perspectiva de liderados, a decisión da chanceler alemá **Ánxela Merkel** de non presentarse á reelección en 2021 en Berlín confirma igualmente esa sensación de letargo no seo da UE. Toda vez Merkel e o presidente francés **Emmanuel Macron** esfórzanse en revitalizar o histórico motor europeísta plasmado no eixe franco-alemán a través dun novo compromiso (Tratado de Aquisgrán, 22/01/2019), o mesmo vese agora subitamente mediatizado polas incertezas ante a despedida anticipada de Merkel e

a rebelión dos “chalecos amarelos”, que erosionan a popularidade de Macron.

O malestar social europeo convive con expresións preocupantes, traducidas na deriva reaccionaria “populista” e autoritaria tanto en Italia (**Matteo Salvini**) como en Europa Central e do Leste (**Viktor Orbán** en Hungría; partido Lei e Xustiza en Polonia; Partido da Liberdade en Austria); a interminable crise da UE con Rusia (Ucráina, Crimea, sancións mutuas); a invisibilización da diplomacia europea como actor preponderante en asuntos mundiais (Siria, Corea do Norte); as erosións “atlantistas” acicaladas por **Donald Trump**; e na incapacidade de Bruxelas para interpretar a dinámica de cambios que se albiscan no escenario global para a segunda metade do século XXI, en particular ante o ascenso de China e Asia e a revitalización de alianzas euroasiáticas (Rusia, Turquía, Irán, China, Asia Central).

Nin sequera a celebración durante o 2018 de históricos centenarios para Europa serviron como aliciente que propiciara unha recondución do consenso e do proxecto europeísta. Isto foi particularmente visible nas simultáneas conmemoracións do centenario do final da I Guerra Mundial en París e da independencia polaca en Varsovia, ambas en novembro de 2018.

Mentres na capital francesa, Macron instaba a “enterrar” a persistencia do “nacionalismo agresivo”, en Polonia, grupos nacionalistas, “neofascistas” e de extrema dereita polacos, húngaros e eslovacos, manifestábanse para precisamente “enterrar” esa UE “multinacional e multicultural”, considerada como unha “ameaza da Europa nacional e cristiá”.

O aumento de gobernos e partidos xenófobos en Hungría, Italia, Eslovaquia, Polonia, Grecia e agora España tamén é unha evidencia que fractura na Europa actual. Toda vez, o incesante drama humanitario da inmigración ilegal e dos refuxiados de conflitos en África e Oriente Próximo segue a ser unha constante, sen solucións satisfactorias.

A todo isto, e ante un 2019 que anuncia eleccións ao Parlamento europeo, a UE amosase aparentemente incapaz de reaccionar con medidas efectivas e un necesario consenso comunitario. Tampouco semella clarificar qué sucederá cun Brexit cada vez mais imprevisible, tomando en conta o rexeite parlamentario en Londres (15/01/2019) ao acordo suscrito coa UE por parte da primeira ministra británica **Theresa May**, e as consecuentes presións para “resetear” a relación de Londres con Bruxelas.

Así, o malestar europeo ten diversos diagnósticos pero aparentemente escasas solucións. E nisto, a historia semella volver, co seu carácter circular e caprichoso. Un século despois do final da I Guerra Mundial, as advertencias de Macron sobre os perigos do “nacionalismo agresivo” semellan seguir cobrando unha actualidade inalterable en Europa, fracturando precisamente o *ethos* do modelo de integración e de convivencia instaurado tralo final da II Guerra Mundial e en plena “guerra fría”. Un modelo hoxe cuestionado e que propicia un malestar cidadá motivado polos desaxustes socioeconómicos e a inerte impasibilidade das elites europeas.

2.2. A volta do medo nuclear

Como rémora da “guerra fría”, o mundo actual volve a experimentar o medo traducido polo pulso da proliferación nuclear. Un primeiro paso foi dado coa decisión tomada en outubro de 2018 (e materializada en febreiro de 2019) por parte do presidente estadounidense **Donald Trump** de suspender o tratado sobre Mísiles de Alcance Medio e Corto (INF) suscrito en 1987 entre EUA e a entón URSS.

Trump aumentou o pulso tras anunciar (xaneiro de 2019) a renovación do escudo antimísiles estadounidense (“*o mais importante dende a época de **Ronald Reagan***”, segundo as súas palabras), durante un discurso no Pentágono. Xustificou esa decisión ante a “ameaza” que supón Irán, pero tamén mencionou levemente a Corea do Norte, China e Rusia.

Tras certificarse oficialmente a decisión de Trump de suspender o INF en febreiro de 2019, o presidente ruso **Vladimir Putin** respondeu do mesmo xeito, anunciado que Moscova retomarará a súa potencialidade nuclear. Putin destacou igualmente a suspensión de calquera negociación con Washington nesta materia “*ata que non estean dadas as condicións*” para reinicia-lo diálogo.

Así, ámbalas dúas decisións de Trump (suspensión do INF; renovación do escudo antimísiles) abren a veda para retomar a carreira de proliferación nuclear e de armamentos sen ataduras, que varios aspirantes a potencia nuclear ansían alcanzar desde fai décadas.

Por contraproducente, Trump semella sumir ao mundo ante unha renovación da

confrontación bipolar cunha Rusia hoxe mais fortalecida e decidida. Pero esta decisión non é só dirixida contra Moscova. Se ben as análises céntranse nas expectativas de Trump por dinamitar o sistema internacional vixente desde o final da II Guerra Mundial, da “guerra fría” e da posguerra fría trala disolución da URSS, a súa decisión evidencia aínda mais a incongruencia dunha política exterior carente de sentido estratéxico.

Ábrese así un *leitmotiv* para a proliferación nuclear e unha renovada carreira de armamentos na que países considerados como “foraxidos” por Washington, como son os casos de Corea del Norte e Irán, poden sacar partido. Pero tamén para aspirantes (se xa non o son completamente) a potencia nuclear, como son os casos de Israel e Arabia Saudita, sen menoscabar o risco estratéxico que implicaría esta decisión dentro do conflito xeopolítico en Asia entre dúas potencias nucleares como India e Paquistán.

Todo isto altera un equilibrio nuclear global afectado polas incongruencias e o “dobre raseiro” asestado pola administración Trump. Por unha banda, o histórico cumio entre Trump e o líder norcoreano **Kim Jong-un** (xuño de 2018 en Singapur; febreiro de 2019 en Vietnam) aumentou as expectativas de “desnuclearización” da península coreana, rémora candente da “guerra fría”, así como da suspensión das manobras militares no Mar Amarelo. Por outra, e previo ao cumio con Kim, Washington sepultou (maio de 2018) o igualmente histórico acordo nuclear con Irán, subscrito en 2015 .

Noutra perspectiva, China está interesada nunha pronta estabilización da península coreana. O seu presidente **Xi Jinping** apoia a desnuclearización, o retorno á fórmula do

diálogo (que inclúa a China, EUA, Rusia, as dúas Coreas e Xapón) e a sinatura dun Tratado de Paz que estableza unha península dividida. Pero, ó mesmo tempo, Beijing pretende garantirse un papel xeopolítico substancial que lle permita manter a súa influencia tradicional en Corea do Norte e, simultaneamente, controlar a influencia de EUA en Corea do Sur. Con todo, as prioridades estratéxicas de seguridade de China céntranse no problema de Taiwán e no Mar da China meridional, escenarios que anticipan os perigos dunha progresiva militarización.

Pero os cálculos céntranse agora no pulso entre Washington e Moscova. Para Rusia, o asunto é capital, e pode xustificar con maior énfase os plans de modernización militar que adianta o seu Putin. Toda vez, a suspensión do INF e a recente decisión de Trump de renovar o escudo antimísiles moi probablemente persuadirán ao Kremlin a reforzar o seu propio escudo de seguridade e o despregue de mísiles de longo e mediano alcance.

Neste apartado, o conflito de Ucraína (que celebrará eleccións presidenciais en marzo de 2019), o retorno de Crimea á soberanía rusa (2014) e as tensións ruso-ucraínas en torno ao Mar de Azov (novembro de 2018) reproduciron dalgún xeito un novo “pano de aceiro” no que EUA, a OTAN e Rusia xogan as súas cartas xeopolíticas nunha Europa desunida e ausente. Para Rusia igualmente ábrese agora unha oportunidade chave para reestruturar o equilibrio nuclear con outras potencias (China, India, Irán) deixando por fora a Washington.

Trump tamén pensa en clave electoral de cara ás presidenciais 2020. Velaí que amosar unha posición mais dura con Rusia rompendo o equilibrio nuclear, así como enfocar os

dardos contra Irán ou China, semella ser o efecto desexado tanto para complacer aos “falcóns” do Pentágono como para sepultar calquera implicación da presunta trama rusa nas eleccións presidenciais 2016.

2.3. A guerra comercial e dixital EUA-China

O 2018 foi testemuña da denominada “maior guerra comercial da historia” entre EUA e China. A mediados de xullo, a administración de **Donald Trump** aplicou fortes aranceis de importación, entón por valor de US\$ 34.000 millóns, a produtos chineses, especialmente de tecnoloxía de punta. Beijing replicou cunha queixa formal ante a Organización Mundial de Comercio (OMC), ante estas medidas proteccionistas por parte de Washington.

As secuelas desta guerra comercial entre EUA e China tamén chegaron a Rusia. Moscova blindouse ante estas medidas proteccionistas de Washington, anunciando tarifas suplementarias (25 e 40%) ás importacións estadounidenses. En setembro, Trump ampliou a guerra arancelaria con Beijing aplicando novos aranceis por valor de US\$ 200.000 millóns.

O trasfondo desta guerra comercial é claramente xeopolítico. O proteccionismo de Trump, particularmente no caso de China, evidencia os receos e temores de Washington ante a posibilidade (cada vez mais perceptible) de perder a súa aínda vixente hexemonía global, traducida no seu poder militar, económico e cultural.

O progresivo crecemento chinés é a ameaza estratéxica mais visible para Washington

a mediano prazo. Frear, ou en todo caso ralentizar estas expectativas de ascenso chinés, amósanse como imprescindibles para a Casa Branca. E sobran para Washington os hipotéticos escenarios que eventualmente propicien eses focos de colisión e de confrontación orientados a obstaculizar o avance de Beijing: península coreana, Taiwán, Xapón, pulso por esferas de influencia no sueste asiático, estratexia Indo-Pacífico de Trump, etc.

Neste contexto de rivalidades *in crescendo*, EUA e os seus aliados occidentais acusan a China de levar adiante un proxecto xeopolítico de alcance global. O avance das iniciativas impulsadas polo presidente chinés **Xi Jinping** en torno á Franxa e a Ruta (OBOR polas súas siglas en inglés), comunmente coñecidas como as “Rutas da Seda”, implica a aparición dun novo modelo de globalización e de desenvolvemento económico, onde as infraestruturas teñen un papel capital na ampliación do comercio, e o sector público estatal impulsa un equilibrio necesario para o libre comercio.

No plano político, esta aposta chinesa rompe cos esquemas “universais” tradicionalmente exportados pola democracia liberal, a favor dun maior peso do Estado e do control político como garante da estabilidade. Xorde aquí unha visión “sinocéntrica” que suplante á hexemónica perspectiva “atlantista”, e que repercuta igualmente na consecución de novos modelos de gobernanza.

Por tanto, a guerra comercial iniciada en 2018 terá a súa maior manifestación nos próximos anos. China equilibrará as presións de Washington (e colateralmente de Europa) a través dun avance da súa influencia en escenarios estratéxicos como o sueste asiático, África e América Latina, todos eles inseridos na perspectiva de ampliación das OBOR.

A tramitación dun sólido eixe ruso-chinés tralo Foro Económico Oriental de Vladivostok (setembro de 2018), non só limitado á relación política e económica senón tamén ao plano militar, certifica igualmente estas expectativas estratéxicas de Pequín, contando neste apartado cunha cada vez mais estreita relación con Moscova á hora de impulsar os mecanismos multilaterais que confeccionen un mundo multipolar non hexemónico.

Pero esta pugna entre China e EUA, que expresa unha rivalidade estratéxica de fondo, descansa, principalmente, sobre bases económicas e tecnolóxicas. China é percibida como unha ameaza directa á hexemonía estadounidense ao negarse a aceptar formar parte das súas redes de dependencia. Por tanto, a guerra comercial e xeopolítica amplíase cara un novo plano: o tecnolóxico e dixital.

Un aspecto primordial é o programa “Made in China 2025”, que ambiciona transformar o país nunha potencia tecnolóxica, con capacidades en sectores como intelixencia artificial, enerxías renovables, robótica ou vehículos eléctricos. Esta aposta estratéxica chinesa é unha das principais claves que explican o porque dos temores de Washington e a súa tendencia a propiciar escenarios de confrontación co xigante asiático.

Por mais que os países occidentais demanden o fin dos subsidios estatais a estes sectores estratéxicos, non parece que China estea disposta a escoitar e dar marcha atrás. Beijing quere tomar a dianteira e impulsar a súa iniciativa no campo tecnolóxico como ferramenta que lle permita conter e superar ás tentativas occidentais por fomentar a

dependencia mundial neste terreo. Por tanto, a “guerra” entre EUA e China iniciada en 2018 albíscase tan inevitable como moi probablemente perdurable no tempo.

2.4. Migracións: desafío político e demográfico

De acordo ao informe anual da Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR), publicado en xuño de 2018⁽¹⁾, durante o ano 2017 o número de desprazamentos forzados alcanzou un rexistro de 68,5 millóns de persoas ó redor do mundo. Dúas terceiras partes deste índice proveñen de cinco países en conflito, que lideran así a listaxe de persoas refuxiadas e desprazadas: Siria, Afganistán, Sudán do Sur, Myanmar e Somalia.

Simultaneamente, o ano pasado persistiu o avance de crises migratorias xa latentes, como a existente nas augas do Mediterráneo cara Europa. Segundo ACNUR, na primeira metade de 2018, un total de 107.192 inmigrantes tentaron cruzar o Mediterráneo cara Europa. Para decembro de 2018, ACNUR contabilizou un total de 2.133 persoas mortas afogadas.

A fin de atopar solucións inmediatas a esta crise humanitaria, ACNUR pediu aos gobernos de 15 países europeos, todos eles prioritarios pola súa recepción de refuxiados a través da Ruta Mediterránea Central, habilitar aproximadamente 40.000 espazos de reasentamento de persoas refuxiadas e inmigrantes. Pero as medidas necesarias para acometer a crise migratoria seguen a divi-

(1) <https://www.acnur.org/noticias/stories/2018/6/5b2922254/desplazamiento-forzado-alcanza-el-record-de-685-millones.html>

dir aos gobernos europeos. O caso do buque Aquarius (xuño de 2018) foi sintomático neste sentido, provocando enfrontamentos políticos entre gobernos que se negaban a acollelo (Italia, Malta, Francia, Austria, Hungría) e o que finamente aceptouno (España).

Desde 2011, a crise migratoria latente en Europa, basicamente determinada polos conflitos de Siria, Libia e África subsahariana pero tamén pola incesante pobreza, ten provocado serios efectos políticos e dilemas morais nunha Europa atomizada e polarizada no aspecto da solidariedade, a asistencia humanitaria e a cooperación.

Neste sentido, vense observando o avance, pola vía electoral, de movementos e partidos políticos xenófobos e anti-inmigración, unha tendencia en aumento en países europeos como Italia, Grecia, Hungría, Austria, Alemaña, Polonia e Eslovaquia. Un preocupante desafío que pode ter a súa instrumentalización política e electoral de cara aos próximos comicios ao Parlamento europeo (maio de 2019).

Outra crise migratoria *in crescendo* é a venezolana, con milleiros de desprazados cara países veciños como Colombia, Perú, Brasil, Ecuador e Panamá, entre outros. A ONU estima que, desde 2015, aproximadamente tres millóns de venezolanos saíron do seu país ante a gravidade da crise socioeconómica.

Está por ver qué alcance terá a crise migratoria venezolana ante a súbita renovación da confrontación política en Venezuela (xaneiro-febreiro de 2019), e que pode terminar propiciando unha transición política nese país. Toda vez, nos derradeiros meses estanse presentando situacións de ataques xenófobos contra inmigrantes venezolanos en países como Ecuador.

Ó mesmo tempo, en 2018 presentouse unha inédita crise migratoria, a denominada a “Caravana dos inmigrantes”, que dende Honduras e outros países centroamericanos vaise trazando cara EUA, en clara resposta ao Muro anti-inmigración na fronteira con México, impulsado polo presidente **Donald Trump**.

Esta caravana coincidiu igualmente coa asunción presidencial (1º de decembro de 2018) de **Andrés Manuel López Obrador** en México, país chave polo tránsito cara EUA. A mediados de xaneiro de 2019, o goberno de López Obrador ofreceu permisos de residencia por razóns humanitarias aos inmigrantes centroamericanos, unha decisión claramente desafiante co muro anti-inmigración de Trump.

A crise migratoria está igualmente transformando o mapa demográfico a nivel mundial. A tendencia ao peche de fronteiras (EUA, Europa) ante o avance migratorio afirma retos demográficos ineludibles, que igualmente afectarán o imparable proceso de urbanización global.

Segundo estimacións da ONU, para 2030, a poboación na ribeira sur mediterránea será de 500 millóns de habitantes, igualando practicamente á existente nunha Unión Europea con taxas de natalidade en declive. A ONU calcula en 250 millóns as persoas inmigrantes a nivel mundial (3,5% da poboación total mundial). Europa é hoxe o continente con maior recepción de inmigrantes. Pola súa banda, África, Asia e América Latina son os principais territorios de orixe destes inmigrantes.

O cambio climático tamén afectará o índice global de migración. Para 2050, a ONU calcula en 200 millóns as persoas despraza-

das a nivel mundial polos efectos deste impacto medioambiental. Un 80% deses desprazados serán mulleres. Por tanto, unha nova variable, o cambio climático, sendo este incluso asumido en perspectiva de xénero, engádese á pobreza, a violencia e ás guerras como os principais detonadores dos fluxos migratorios a nivel global.

Para a ONU, o cambio climático será o principal factor de fluxos de inmigración mundial para a segunda metade do século XXI. En perspectiva, os retos políticos e demográficos que encarnan o proceso de migración global esixe claramente o cumprimento, por parte dos gobernos e das organizacións internacionais, do Pacto Mundial sobre Migración adoptado pola ONU⁽²⁾ en xullo de 2018.

2.5. O quecemento global: COP24

O Cumio Mundial do Clima COP24, organizado pola Convención Marco de Nacións Unidas para o Cambio Climático (CMNUCC) e celebrado en Katowice (Polonia) entre o 3 e 14 de decembro de 2018, asumiu o compromiso de revitalización do Acordo de París (2016) nun contexto determinado polo agravante avance dos efectos do cambio climático e de quecemento global.

O acordado no cumio de Katowice prevé para 2023 a realización dunha diagnose global sobre os efectos do cambio climático, así como da aprobación, a partir de 2025, de novos instrumentos financeiros para combater a emisión de gases contaminantes. Para ese mesmo 2025, o Acordo de París estipula unha

redución entre 26% e 28% da emisión de gases invernadoiros co respecto ao ano 2005.

O COP24 estivo fortemente polarizado polas posicións políticas sobre este acordo por parte das grandes potencias. Destaca aquí a actitude escéptica e intransixente por parte da administración de **Donald Trump** á hora de aprobar este compromiso. Meses atrás, Washington xa anunciara a súa saída do Acordo de París, que non poderá ser efectiva ata 2020, precisamente ano electoral en EUA. Isto traduciu a sensación de fracaso político deste cumio.

Esta actitude de Trump terá aliados previsible no recen xuramentado presidente brasileiro **Jair Bolsonaro**, tal e como ven anunciando o novo goberno en Brasilia. De feito, esta previsible actitude de intransixencia por parte de Bolsonaro provocou que, en Katowice, acordarase que o cumio COP24 de 2019, inicialmente pautado para Brasil, fora subitamente cambiado a Chile.

Toda vez, China, considerada ata agora como o país mais contaminante do mundo, e Francia, mantiveron posicións plenamente favorables ao acordado no COP24.

Outro punto discordante foi a aprobación na declaración final de Katowice das recomendacións establecidas no Informe Especial do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre Cambio Climático (IPCC, polas súas siglas en inglés). Este informe asegurou un panorama de quecemento global do 1,5 grados centígrados a nivel mundial. O IPCC pediu unha transformación radical da economía mundial para alcanzar os obxectivos previstos no COP24.

Pero o consenso político non se alcanzou en Katowice. Así como EUA, países como Rusia, Arabia Saudita e Kuwait premeron

(2) <https://news.un.org/es/story/2018/12/1447231>

porque non se contemplaran, cando menos globalmente, estas recomendacións na declaración final do COP24. Diversas ONGs tamén criticaron que os compromisos de Katowice sobre o COP24 deixaran de lado as demandas sobre a protección dos dereitos humanos, en particular ante as previsións da ONU sobre a influencia do cambio climático nos futuros fluxos migratorios mundiais.

Un caso particularmente relevante do cumio de Katowice foi o discurso da xoven sueca **Greta Thunberg** (15 anos), activista ecolóxica que fai folga escolar no seu país en protesta polo cambio climático. A imaxe da combativa Greta suxire o avance da sensibilización ecolóxica nas novas xeracións, un obxectivo colateral pero non menos estratégico do COP24.

3.

Perspectivas 2019

3.1. Europa: novo Parlamento (2019-2024) en tempos turbulentos

Entre o próximo 23 e 26 de maio de 2019 celebraranse eleccións para o Parlamento europeo, dos que sairán os 705 representantes da Eurocámara para o período 2019-2024. Pero o momento luce tan electoralmente decisivo como politicamente inquietante.

Sen visos concretos de superar a crise socioeconómica, o malestar cidadá está amparando novas expresións políticas, algunhas delas euroescépticas e incluso antieuropeístas, que moi probablemente terán un importante peso político non só na composición do próximo Parlamento senón tamén dentro das institucións da UE.

Non deixa de seren relevante e incluso simbólico o feito de que, desde a súa creación en 1979, o Parlamento é a única institución de elección directa dentro da estrutura da UE, o cal lle confire un carácter netamente democrático. Con todo, e precisamente cumprindo catro décadas de vida, estas eleccións 2019 ao Parlamento europeo serán as primeiras sen a votación do Reino Unido, sumido no interminable e incerto proceso do Brexit. Deste xeito, os 73 escanos británicos foron proporcionalmente repartidos no resto dos países membros da UE.

Inmersa na súa crise existencial, a UE dirimirá nestes comicios en que medida a tra-

dicional hexemonía parlamentaria establecida no binomio entre o Partido Popular Europeo (PPE) e os socialdemócratas, ampliadas recentemente con partidos ecoloxistas e liberais, pode verse en 2019 seriamente contestada polo avance de partidos e movementos populistas, “antieuropeístas” e de extrema dereita. Avances de partidos xa instalados no poder en países como Hungría, Austria, Romanía, Eslovaquia, Italia e Polonia, e en ascenso noutros países estratéxicos para a consolidación do proxecto europeísta, precisamente nos casos de Francia e Alemaña.

As expectativas electorais especulan con que esta amalgama de partidos euroescépticos e antieuropeístas poidan superar os 200 parlamentarios, toda vez estímase a posibilidade de conformación dun eventual grupo parlamentario conxunto.

O foco está así orientado na posibilidade de ascenso da opción Agrupación Nacional da francesa **Marine Le Pen**, líder da extrema dereita Fronte Nacional (FN). Toda vez, outro partido extremista como Alternativa por Alemaña (AfD) tamén avanza con forza de cara ás parlamentarias europeas. De consolidarse ambas tendencias, aumentarían respectivamente as opcións electorais de Le Pen de cara ás presidenciais de Francia (2020) así como as de AfD nos comicios xerais de Alemaña (2021), estes xa sen **Ánxela Merkel** no horizonte.

Paralelamente, a atención está igualmente enfocada na posibilidade de presunta inherencia exterior nestes comicios, algo que inquieta a Bruxelas. Por unha banda, están as persistentes xiras europeas do ex asesor de Trump, **Steven Bannon**, convencido de procrear unha especie de “fronte antieuropeísta” dentro do Parlamento. Unha iniciativa

na que Bannon conta precisamente co apoio, entre outros, de Le Pen e AfD, na pretensión de consolidar unha especie de “internacional neoconservadora” (“The Movement”) impulsada persoalmente polo polémico ex asesor de Trump.

Por outra banda, non cesan as inquietudes dende a UE de cara a unha eventual e presunta inherencia cibernética rusa nestes comicios europeos, a través da proliferación de “fake news” (“noticias falsas”) con capacidade para exercer influencia nun sector do electorado.

Independente das expectativas, estes comicios ao Parlamento europeo 2019 serán probablemente os mais decisivos para calibrar o futuro da UE. Está igualmente por ver se as recentes expresións de malestar cidadá, como o movemento dos “chalecos amarelos” en Francia, terá unha incidencia de expansión en Europa.

Polo momento, os “chalecos amarelos” anunciaron a súa participación electoral nos comicios parlamentarios a través da lista electoral “Reunión de Iniciativa Cidadá”. Con isto, este movemento cívico busca persuadir aos grupos parlamentarios a atender estas demandas e ás elites políticas a reconducir un proxecto europeísta “mais humano” pero que agora atópase en “terapia intensiva”.

3.2. Irán: a crise dos 40?

En febreiro de 2019 conmemorouse o 40º aniversario da Revolución islámica en Irán. Catro décadas despois, Teherán afronta un contexto claramente diferente, particularmente nas súas relacións exteriores tanto a nivel rexional como con Occidente.

Neste sentido, Teherán ven superando décadas de illamento exterior. Catro anos despois da aplicación do acordo nuclear coa Axencia Internacional de Enerxía Atómica (AIEA) e o G5+1 subscrito en 2015, Teherán logra consolidar a súa posición dentro da xeopolítica nuclear a pesares da súbita suspensión dese acordo por parte da administración Trump (maio de 2018).

Por outra banda, a República Islámica mantén con Rusia, Turquía e Qatar unha especie de *troika* de alianzas tanto en Siria como en Oriente Próximo. Unha alianza estratéxica igualmente ampliada con China de cara á perspectiva euroasiática.

Paralelamente, a Unión Europea segue a observar a Teherán como interlocutor esencial dentro do pacto nuclear. Neste sentido, Bruxelas non secundou as sancións de Trump contra o país persa e agora, neste 2019, a UE apréstase a ampliar o seu comercio con Irán.

Toda vez a tensión predomina na súa relación con Washington, Irán segue a manter o seu pulso xeopolítico con Israel, Arabia Saudita e Exipto, claramente os seus principais rivais a nivel rexional e aliados estratéxicos estadounidenses. Pero o contexto actual non é diametralmente desfavorable para Teherán.

A progresiva (pero aínda non completada) retirada estadounidense de Afganistán e Iraq impulsada coa anterior administración de **Barack Obama** na Casa Branca, e agora de Siria baixo Trump, consolidaron aínda mais a posición iraniana a nivel rexional. Esta posición veuse fortalecida coa súbita intervención rusa en Siria (2015) e as implicacións xeopolíticas de Moscova en detrimento do baleiro causado pola ausencia estadounidense.

Toda vez, Irán amplía con cada vez maior destreza as súas relacións cos veciños do Cáucaso, Mar Caspio (Acerbaixán) e Asia Central. O seu principal aliado en Oriente Próximo, o réxime sirio de **Bashar al Asad**, segue en pe toda vez a previsible reconstrución siria abre posibilidades económicas para Teherán. O país persa segue a ser o centro de irradiación do *xíismo* no mundo islámico, aspecto que lle confire un peso estratéxico.

Non se debe igualmente esquecer a ampliación deste radio de relacións exteriores iranianas cara América Latina, particularmente no caso de Venezuela, non exentas de controversias e presións por parte de Washington. En perspectiva, corenta anos despois da revolución islámica, Irán afronta un contexto mais favorable para os seus imperativos xeopolíticos.

Non obstante, os retos e desafíos concéntranse no plano interno. A tímida apertura con Occidente determina algúns cambios de perspectivas internas. O réxime teocrático observa un relevo xeracional que ansía cambios políticos internos, particularmente dentro dunha estrutura de poder fortemente xerarquizada.

Por irónico que pareza, a radicalización “antiirania” da administración Trump contribuíu precisamente a fortalecer ao sector mais radical dentro da estrutura de poder da república islámica. Aquí imponse o peso do Gran Aiatolá **Alí Jamenei** e, principalmente, da Garda Revolucionaria Islámica, auténtico poder pretoriano e económico do réxime teocrático.

O actual presidente **Hassan Rouhaní** busca impulsar reformas económicas e sociais orientadas a desenvolver unha economía mais competitiva e menos dependente

do petróleo e do gas natural. Pero o contexto ilustra igualmente a tensión existente entre o mantemento do status quo e as transformacións aperturistas que ansían as novas xeracións de iranianos. Transformacións e tensións que conviven en todos os sectores, urbanos e rurais, minorías étnicas, reformistas e conservadores, ata o cada vez mais crecente movemento feminista iraniano.

Por tanto, a radiografía de Irán en 2019 é diametralmente diferente do que sucedeu co triunfo da revolución islámica en 1979. Un réxime consolidado e menos illado no exterior pero que debe acometer reformas. Un país cunha forte identidade nacional e un peso xeopolítico en ascenso pero que, sen embargo, segue a ser observado como unha “ameaza” para EUA e os seus aliados en Europa e Oriente Próximo.

Esta tímida apertura exterior por parte do presidente Rouhaní, que definiu unha imaxe mais “amigable” do réxime iraniano e que prometía impulsar determinados cambios políticos internos, vese agora neutralizada e incluso deformada ante a radicalización lanzada polos “falcóns” do Pentágono e da Casa Branca. Neste sentido, parecera que os sectores radicais establecidos tanto en Washington e Teherán coinciden en preterder, ironicamente, dar volta atrás e volver ao mundo de 1979.

3.3. A estratexia de Indo-Pacífico

En decembro de 2017, a administración de **Donald Trump** presentou unha nova iniciativa, a estratexia Indo-Pacífico, conceptualizada como unha visión xeoestratéxica e xeopolítica de cara ao espazo asiático. Con

isto, Trump substitúe abruptamente a anterior iniciativa “Pivot to Asia” presentada en 2012 polo entón presidente **Barack Obama**. Deste xeito, Trump cambia o punto focal de atención por parte de Obama de Asia-Pacífico ao Indo-Pacífico, a través dunha estratexia de carácter mais integral.

Con todo, en ambas iniciativas, Trump e Obama coinciden claramente nun aspecto estratéxico: a necesidade de contención de China. Un apartado que pode igualmente ampliarse de cara a Rusia, particularmente ante a posibilidade (cada vez mais visible) de constitución dun eixe estratéxico entre Beijing e Moscova.

Esta perspectiva para Trump foi patente durante a xuntanza (setembro de 2018) entre **Vladimir Putin** e **Xi Jinping** no marco do IV Foro Económico Oriental celebrado en Vladivostok (Rusia). Neste foro, e por primeira vez, Rusia e China, así como Mongolia, realizaron exercicios militares conxuntos na fronteira entre estes tres países.

Todo apunta que a estratexia Indo-Pacífico terá unha definición cada vez mais acadada para Washington a partir deste 2019. Nesta estratexia, a India ten un rol claramente primordial para a Casa Branca. Esta condición vese fortalecida ante as recíprocas visitas mutuas entre altas autoridades indo-estadounidenses desde a chegada de Trump á presidencia. Foron estas a visita a Washington (xuño de 2017) do primeiro ministro indio **Narendra Modi**, sendo correspondido en outubro dese ano pola visita a Nova Delhi do entón secretario de Estado **Rex Tillerson**.

En xullo de 2018, o substituto de Tillerson como secretario de Estado, **Mike Pompeo**, anunciou unha cooperación económica de US\$ 113 millóns para proxectos orientados

a unha maior conectividade dentro do espazo do Indo-Pacífico, especialmente en materia de infraestruturas e tecnoloxía dixital. Tras inaugurar esta estratexia, Washington rebautizou o seu Comando Asia-Pacífico como Comando Indo-Pacífico⁽¹⁾.

Nesta perspectiva, a estratexia Indo-Pacífico supón o muro de contención da ascendente iniciativa da Franxa e da Ruta (OBOR polas súas siglas en inglés), comunmente coñecida como a Ruta da Seda, que Beijing impulsa desde 2015, particularmente por vía terrestre (Eurasia) e marítima, circundando o Océano Índico.

Por tanto, o radio de extensión desta estratexia Indo-Pacífico de Trump coincide claramente co centro de gravidade marítima que contén a OBOR chinesa: dende Asia-Pacífico ata o Golfo Pérsico e as costas de África Oriental, co Océano Índico como unha especie de *mare nostrum* trazado por diversas rivalidades xeopolíticas, destacando entre elas as de Washington e Beijing.

Por tanto, para Trump, obstaculizar a Ruta da Seda por vía marítima é un obxectivo estratéxico, colocando á India como epicentro de interese a través dunha alianza integral. Toda vez, a revitalización do interese estratéxico por Eurasia, mais próxima xeograficamente con China e Rusia, escapa momentaneamente aos efectos dunha maior implicación estadounidense.

Obviamente, a India ten os seus propios intereses xeopolíticos, aspecto que Washington observa con atención de cara a consolidala como epicentro desta estratexia Indo-Pacífico. Neste sentido, en 2014, a India lanzou

(1) <https://www.unav.edu/web/global-affairs/detalle/-/blogs/adios-asia-pacifico-hola-indo-pacifico-china-convierte-a-india-en-el-reino-del-medio>

a súa iniciativa Act East Policy (AEP), que contempla a necesidade de converxer en mecanismos de cooperación cos países de Asia-Pacífico e da ASEAN.

Paralelamente, Nova Delhi mantén unha política de equilibrios rexionais, sumamente pragmática, con China, Rusia, EUA e incluso Xapón. Con Rusia e China, India forma parte dun BRICS visiblemente opacado nos últimos tempos. E tamén xunto coa súa veciña Paquistán, a India foi recentemente aceptada (xuño de 2018) como membro pleno da Organización de Cooperación de Xangai (OCX), organismo multilateral do que Beijing e Moscova son os motores principais.

Xapón é outro actor de importancia nesta expresión de iniciativas rexionais. En 2007, durante o seu primeiro período de goberno (2006-2007) e coincidindo cunha visita a Nova Delhi, o primeiro ministro xaponés **Shinzo Abe** presentou ante o Parlamento indio a súa propia Estratexia para Indo-Pacífico Libre e Aberto (FOIP), de cooperación integral con énfase entre Xapón e India. Mais dunha década despois, a FOIP ten un obxectivo igualmente compatible coa estratexia de Trump: a contención de Beijing, principalmente no Mar de China Meridional.

A estratexia xaponesa ten igualmente incidencia cara outros actores chave como Indonesia, Corea do Sur e Australia, toda vez focaliza nunha iniciativa de seguridade conxunta entre Xapón, India e EUA.

En perspectiva, a estratexia Indo-Pacífico de Trump contextualiza unha serie de iniciativas xa anteriormente presentes (AEP, FOIP) coa delatada intención de converter a área do Indo-Pacífico nun muro de contención da OBOR chinesa, así como das tentativas de Moscova por avanzar na súa histórica

perspectiva xeopolítica cara os mares cálidos do Océano Índico.

Todos estes elementos estratéxicos denotan as expectativas e rivalidades existentes entre as principais potencias (EUA, China e Rusia), outras emerxentes (India, Xapón) e outros actores estratéxicos (Indonesia, Australia), de cara a posicionarse firmemente nun escenario, o Indo-Pacífico, que se anuncia como previsible epicentro do poder global para este século XXI.

3.4. Trinta anos de Tiananmen

O próximo 4 de xuño de 2019 cumprírase o 30º aniversario das protestas acaecidas na Praza de Tiananmen en Beijing. Acontecementos trágicos que xurdiron nun ano, 1989, marcado pola histórica desintegración do campo socialista en Europa do Leste, simbolizada posteriormente coa Caída do Muro de Berlín, outro suceso que igualmente cumprirá o seu trixésimo aniversario o próximo mes de novembro.

Tiananmen é aínda unha ferida aberta pero silenciada dentro da sociedade chinesa. Supuxo no seu momento as ansias de reforma impulsados por unha nova xeración estudiantil e universitaria, así como de sectores intelectuais. Non obstante, o contexto actual na China de **Xi Jinping** e do “soño chinés” de recuperación do “papel histórico” do xigante asiático a nivel mundial, é diametralmente oposto ao de 1989. China avanza no seu proceso de modernización e de reformas socioeconómicas, así como de estabilidade no ámbito político.

O aniversario coincide igualmente cunha revitalización do maoísmo, neste caso

precisamente a través dunha nova xeración de estudantes chineses críticos coas desigualdades socioeconómicas experimentadas no país, traducidas estas ao carón da apertura económica impulsada desde 1978 por **Deng Xiaoping**, o sucesor de **Mao Zedong**.

Con todo, o contexto “post-Tiananmen” tamén da conta dunha desarticulación progresiva de calquera síntoma de rebelión cívica e de mobilización estudantil que afecte a estabilidade nacional. Na China de hoxe, a disciplina e o adoutramento seguen sendo ferramentas claves para fortalecer o control político e social. Non obstante, as causas que levaron á masiva rebelión estudantil de 1989 (corrupción, autoritarismo, demandas de apertura política, desigualdades socioeconómicas) seguen estando vixentes.

Paralelamente, tres décadas despois, continúan a existir controversias sobre o número real de vítimas. Diversas fontes estiman entre 500 e 3.000 o número de mortos. Documentos británicos desclasificados en 2017 aseguraron que unhas 10.000 persoas morreron durante a represión militar en Tiananmen. Beijing sempre amosouse hermético no tratamento deste asunto, tomando en conta o dano causado á imaxe exterior do país e ás constantes acusacións que, dende Occidente, vértense sobre China en materia de censura oficial e de represión das liberdades e dos dereitos humanos.

Coa excepción dalgunhas organizacións cívicas de Hong Kong que aínda conmemoran estes sucesos, o hermetismo oficial segue a imperar en China en todo o relativo a Tiananmen. Beijing segue a interpretar o sucedido como unha “sedición” que ameazaba a súa integridade estatal e estabilidade política.

Con todo, Tiananmen constituíu un momento decisivo na dinámica política contemporánea de China. A efectos de evitar a división interna dentro do Partido Comunista chinés (PCCh), o resultado político foi a progresiva concentración de poder nun sólido liderado persoal, conxuntando así a dirección do Estado, do PCCh e do Exército de Liberación Popular. Unha diagnose que ben pode interpretarse co actual modelo de Xi ao fronte das estruturas de poder chinesas. E, ó mesmo tempo, supón unha alteración do sistema de equilibrios e de “despersonalización” do poder establecido coas reformas iniciadas por Deng Xiaoping. Tiananmen tamén permitiu o reforzamento e a ampliación desas reformas económicas impulsadas por Deng, toda vez o progresivo abandono da economía planificada deu igualmente paso a unha blindaxe ideolóxica interna ante calquera penetración exterior, principalmente occidental. Estas reformas económicas permitiron un dato imprescindible para comprender a evolución da China contemporánea “post-Tiananmen”: segundo datos do Banco Mundial, uns 850 millóns de chineses saíron da pobreza entre 1981 e 2013⁽¹⁾, toda vez a pobreza extrema reduciuse ao 1% da poboación chinesa (2018). Isto permitiu robustecer unhas clases medias cada vez mais en ascenso.

Este fortalecemento do económico e a riqueza alcanzada por diversas clases sociais en China permitiron ao PCCh non só manter a súa inalterable lexitimidade e incontestable autoridade senón tamén de amortecer (ou ben reprimir sen contemplacións) calquera síntoma de disidencia e crítica interna do seu sistema político.

(1) <http://spanish.peopledaily.com.cn/n3/2018/0302/c31620-9432028.html>

Así como Beijing aínda xustifica oficialmente o uso da represión militar en Tiananmen en 1989, en aras de preservar a estabilidade do seu modelo “socialista con características chinesas” e de evitar a previsible penetración de influencias externas consideradas como “desestabilizadoras”, o paso do tempo debe asumir a necesidade dunha reflexión plural e equitativa, que permita afrontar a reconciliación como medida para honrar ás vítimas de Tiananmen.

A pesar do silencio e da censura, a memoria histórica segue presente, a través de organizacións como as “Nais de Tiananmen”, así como do labor de activistas, avogados e xornalistas que seguen persistindo na reivindicación das vítimas, na xustiza e na reconciliación. Tres décadas despois, pode ter chegado o momento para superar a deliberada “amnesia colectiva” e darlle unha oportunidade á memoria e a reconciliación.

3.5. África: un 2019 decisivo

O continente africano apréstase neste 2019 a observar un calendario electoral sumamente relevante. Destacan aquí os comicios presidenciais pautados en Nixeria, Senegal e Sudáfrica. Toda vez, o continente africano debe medir con atención outros escenarios de atención, en particular os recentes avances de cara á transición política democrática en países como Zimbabwe, Etiopía, Angola, República Democrática do Congo e Mozambique, entre outros.

Todo isto sen esquecer a influencia de conflitos latentes (Sáhara Occidental, República Centrafricana, Sudán do Sur, Burundi, Malí) e da presenza do terrorismo

integrista islamita (Boko Haram, al Shabab) en escenarios concretos (Sahel, Magreb, África Central, Corno de África); a persistencia de lonxevos réximes autoritarios (Guinea Ecuatorial, Camerún, Sudán, Chad, República do Congo, Eritrea, Uganda, Marrocos, Alxeria) e outros de recente consolidación (Exipto); esperanzadores procesos de pacificación (Etiopía-Eritrea); e o crecente interese manifestado na activa diplomacia económica por parte de actores externos como China, Rusia, Turquía e India, entre outros.

En perspectiva histórica, África está afrontando avances significativos na procura de solucións propias para os seus problemas, así como na consecución de mecanismos de desenvolvemento e de integración rexional (Unión Africana). Toda vez, países como Kenia e Etiopía estanse consolidando como ascendentes centros financeiros e loxísticos a nivel continental. Pero os retos e desafíos, particularmente en materia de democratización, estabilidade e desenvolvemento, seguen a estar presentes.

O pulso electoral 2019 terá a súa atención principal nos comicios presidenciais de Nixeria (previstos inicialmente para o 16 de febreiro pero subitamente posposto unha semana mais) e Sudáfrica (maio), ambos países considerados os principais motores económicos do continente, xunto con países produtores de petróleo como Angola e de gas natural, como Alxeria.

No caso nixeriano, presidente **Muhammadu Buhari** foi reelixido fronte ao seu antigo aliado e ex vicepresidente **Atiku Abubakar**. Pero o contexto vese igualmente polarizado pola persistente violencia do grupo terrorista islamita Boko Haram ao norte

do país, a corrupción institucionalizada, a pobreza e o desemprego, factores que pulsan a tensión política no país mais poboado do continente (190 millóns de habitantes), rico en petróleo e minerais.

En Sudáfrica, membro de organismos multilaterais como os BRICS e IBSA, está en xogo a hexemonía do gobernante Congreso Nacional Africano (CNA), no poder desde 1994. Por tanto, os comicios presidenciais de maio próximo serán un test electoral e político para o actual mandatario **Cyril Ramaphosa**, substituído en 2018 do ex presidente **Jacob Zuma**, apartado por corrupción e a crise económica.

Outro foco de atención será Senegal, país que durante o 2018 deu un paso importante de democratización a través das mobilizacións cidadáns en contra da perpetuación no poder do ex presidente **Abdoulaye Wade**. O seu substituído, **Macky Sall**, busca consolidar esta transición política presidencial.

Toda vez, continúa a incerteza postelectoral tralos recentes comicios presidenciais realizados na República Democrática do Congo (30/12/2018), os primeiros sen a presenza do ex presidente **Joseph Kabila** tras dúas décadas no poder. Sen resultados aínda definitivos (xaneiro de 2019), o pulso político dirime a confrontación entre **Félix Tshisekedi** (presuntamente apoiado por Kabila) e o opositor **Martín Fayulu**, a quen algúns dan como gañador.

Noutra perspectiva, debe salientarse que os cambios políticos democráticos presentados recentemente en África definen igualmente o ascenso de novas elites políticas e dunha sociedade civil cada vez máis organizada, con plena capacidade para afrontar os retos futuros. Destacan aquí a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 de Nacións Unidas. Esta visión gravita igualmente de cara a este decisivo 2019 de cariz electoral en África.

4.

Reflexións por áreas xeográficas

4.1. Tunicia en 2019: a revolución a proba da crúa realidade

David Alvarado

Tralas eleccións lexislativas e presidenciais de 2014, os tunesinos estaban case persuadidos de ter posto un punto e final a un período de grande inestabilidade política, ao contar desde entón cunha Asemblea de Representantes do Pobo (ARP) e cun Executivo lexitimados a través das furnas. Nembargantes, no último tramo da lexislatura, catro anos despois, a inestabilidade segue a ser a tónica. As crises políticas sucesivas non teñen permitido acadar o desexado equilibrio, unha situación de calma, necesaria para implementar as reformas de calado que o país precisa e, deste xeito, facer fronte ás acuciantes dificultades económicas e financeiras.

Pero a menos dun ano das vindeiras eleccións xerais, previstas para o derradeiro trimestre de 2019, hai meses que asistimos á que algúns consideran a crise política máis profunda, e longa, desde o inicio da “revolución xasmín”⁽¹⁾. Ao inicio foi un malentendido arredor das prerrogativas que a Constitución de 2014 consagra ao presidente da República, **Béji Caïd Essebsi** (en adiante BCE), e

ao xefe do Goberno, **Youssef Chahed**, que enfrontou ás dúas máximas figuras do Executivo que, a pesares das evidencias, non cesan de negar publicamente *urbi et orbi* tal descontro, alomenos ata que se produciu a definitiva fractura.

Nas causas profundas do descontro, entre outras variables, ten especial peso o cuestionamento que Chahed fixo do liderado de Hafedh Caïd Essebsi, fillo de BCE, dentro do partido Nidaa Tounes (“Chamamento por Tunicia”). Así as cousas, o primeiro ministro terminou por tomar distancia con respecto a quen se presentaba como o seu guía, BCE, e do seu propio partido para posicionarse coma o xefe dun Goberno de unión. Porque sen o apoio de Nidaa Tounes, Chahed optou por compoñer co resto de formacións políticas, e mesmo con candidatos independentes, ao tempo que se erixía no eixo dunha alianza concluída xa no comezo de mandato entre o partido presidencial e os islamitas de Ennahda, partido maioritario no Parlamento, para xestionar o país.

Se ben non soubo aplicar a visión de Nidaa Tounes, e moito menos as medidas incluídas no seu programa, Chahed ten sabido manobrar para converterse no centro de todas as miradas, no político máis popular do país, sen polo tanto ser sido electo nos máis recentes comicios nin contar cunha traectoria política previa. O auxe do primeiro ministro vese acompañado dunha xestión económica errática, cun Goberno a cabalo entre os seus compromisos coas institucións financeiras internacionais para implementar reformas de calado e avanzar na boa gobernanza, e as reivindicacións da Unión Xeral Tunecina do Traballo (UXTT), que non dá tregua algunha ao Executivo, co que concluíu

(1) Nome co que se coñece á Revolución tunesina de 2011.
(Nota do editor)

un acordo para aumentar os salarios do sector público.

O Goberno debe atopar o xeito de paliar os déficits abismais do Estado, dos fondos sociais e mesmo da súa balanza comercial. Negándose a aplicar unha política demasiado austera, tal e como propugna o Fondo Monetario Internacional (FMI), terminou por ceder diante da central sindical para garantirse unha certa paz social, aceptado unha revisión salarial na función pública, a non privatización de empresas públicas e, cunha cita electoral á vista, rebaixando a presión fiscal nos orzamentos de 2019.

A pesar de tanta axitación moitos tunesinos seguen a pensar que nada, ou case, cambiou, amosándose escépticos sobre as evolucións do proceso de transición política. Namentres a Ennahda de **Rached Ghannouchi** segue fiel as súas esencias relixiosas, á súa particular visión, a Coalición Nacional que apoia a Chahed, se ben plural sobre o papel, está construída sobre a base de Nidaa Tounes, co cal todo semella indicar que a bipolarización segue a ser a tónica, ao igual que a morosidade da elite política en xeral. A situación social segue a ser explosiva, multiplicándose as protestas e mobilizacións, ao tempo que seguen a inquedar o deterioro dos indicadores e a extrema debilidade da economía.

Andazo do sistema, economía lastrada, imposibilidade de xestión máis aló do curto prazo, das urxencias, malestar social crecente, elite política mediocre en continua disputa, anarquía de vontades... son moitas as doses de realidade, non exentas de catástrofe, nesta Tunicia de 2019, sen que por isto se erose un certo clima de optimismo, presente desde os albores da “revolución xas-mín”, en decembro de 2011.

Os tunesinos non teñen nada que ver co Exipto do mariscal **Abdelfatah al Sissi**, nin coa Alxeria inmobalista, nin coa caótica Libia. Os logros da revolución non poden ser ignorados: eleccións libres e transparentes, dereitos e liberdades individuais sancionados pola nova Constitución, entre as máis modernas e avanzadas de África e, por suposto, do mundo árabe; pasos cara adiante na efectiva igualdade entre homes e mulleres, instauración do diálogo político, consecución de amplos consensos, relevo dunha nova xeración, efervescencia dunha densa sociedade civil...

Os tunesinos derrubaron todo, ou case, para reinventar o país e as súas institucións. E o camiño quizais aínda sexa longo. Hai que asumir erros, retrasos e non poucas decepcións, sen que isto comprometa o anxeio final de éxito dos principios revolucionarios. Ninguén dixo que unha revolución podía facerse dun día para outro!

4.2. Ucraína: presidenciais 2019

Miriam González Francisco

O próximo 31 de marzo de 2019, Ucraína celebrará eleccións presidenciais. Esta convocatoria terá lugar nun clima de desconfianza xeral cara as institucións públicas e cunha cidadanía cansada dos casos de corrupción no sector público. As proclamas da clase política e a súa pretendida renovación tras a “Revolución da Dignidade” de 2014, parece que se quedaron en arengas, que non terminan de convencer a unha sociedade insatisfeita pola falta de cumprimento de gran parte das promesas electorais que levaron a **Petro Poroshenko** á presidencia.

O período de campaña electoral arrancou o pasado 30 de decembro de 2018, e naquel momento a porcentaxe de indecisos era do 40%⁽¹⁾. O pouco apoio que reciben os candidatos nas enquisas fan augurar unha segunda volta, programada para o 21 de abril de 2019⁽²⁾.

O conflito coa Federación Rusa e a corrupción son os principais temas dos discursos electorais. A maior parte dos aspirantes, sen contar ós que se presentan polas rexións de Donetsk e Lugansk no Donbás, apostan claramente pola reintegración de Crimea, a continuidade dos acordos coa Unión Europea e a incorporación de Ucraína na OTAN. A nivel interno, os candidatos presentados propoñen acabar co sistema de corrupción, desaloxar á oligarquía e mellorar a situación económica do país.

Pero a realidade é que se trata dun voto moi fragmentado, o que puidera favorecer ás candidaturas “prorrusas” para chegar unha segunda volta, no mellor dos escenarios, aínda que actualmente teñen unha perda de intención de voto en todo o país menos nas rexións do Leste.

Os principais candidatos

Yulia Timoshenko⁽³⁾, líder do partido

Batkivshchina (Patria) e antiga primeira ministra, perfilase como a aspirante con máis forza para optar á presidencia tanto na primeira como na segunda volta. Ten un 16% de intención de voto⁽⁴⁾ e é a líder nas sondaxes na maioría das rexións (sen ter en conta a rexión do Donbás).

O seu partido ten unha forte estrutura a nivel rexional, quizais un dos mellor organizados, pero ten tamén certa dificultade para ampliar a súa masa de votantes, xa que se estima que un 30% non votaría por ela en ningunha circunstancia. As principais críticas cara o seu principal competidor, o presidente Poroshenko, débense precisamente á suba das taxas municipais, ao mantemento de parte das fábricas do presidente ucráino en Rusia, a falta de solucións no conflito armado no Donbás, ao Leste do país, e a corrupción. Foi recentemente acusada de ter vinculacións co Kremlin por parte dos seus oponentes.

Poroshenko, que aínda non presentou a súa candidatura⁽⁵⁾, ten unha clara liña nacionalista e patriótica no seus discursos electorais: “Exército, Lingua e Fe”⁽⁶⁾ sintetiza a súa idea de unidade de Ucraína, e a súa aposta por escapar da influencia rusa, tal e como

(1) EFE: “Ucrania abre campaña electoral con Timoshenko en cabeza y tensiones con Rusia” en *efe.com*, 31 de decembro de 2018, dispoñible en: <https://www.efe.com/efe/espana/mundo/ucrania-abre-la-campana-electoral-con-timoshenko-en-cabeza-y-tensiones-rusia/10001-3855016>

(2) Iwanski, Tadeusz; Nieczytor Krysztof: “Ukraine’s presidential elections, 2019: The main candidates” en: *Centre For Eastern Studies*, Setembro de 2018, dispoñible en: https://www.osw.waw.pl/sites/default/files/report_ukraine-presidential-elections-2019_net_o.pdf

(3) Timoshenko ten no seu pasado escuros capítulos, e chegou a terminar na cadea debido ó acordo entre bastidores que fixo co presidente ruso Vladimir Putin no cal se negociou un acordo de gas moi desfavorable para Ucraína, ademais da súa relación con Viktor Medvedchuk, un asociado de Putin. *Ibid.*

(4) Clarín: “Una empresaria cercana al Kremlin es la gran favorita en la elección presidencial de Ucrania” en: *Clarín.com*, 22 de xaneiro de 2019, dispoñible en: https://www.clarin.com/mundo/empresaria-cercana-kremlin-gran-favorita-eleccion-presidencial-ucrania_o_6zJBVEmuM.html

(5) Os candidatos á Presidencia de Ucraína tiveron de prazo ata o 3 de febreiro de 2019 para inscribirse na Comisión Central Electoral. A lista definitiva elaborouse o 8 de febreiro. Ata agora hai presentados un total de 18 candidatos. *Vid:* Кандидаты в президентыУкраины 2019: <https://www.rbc.ua/rus/vybory2019/kandidaty>

(6) *Vid:* EL Diario.es: “Ejército, lengua y fe”, los pilares de la nueva Ucrania de Poroshenko”, en: *eldiario.es*, 20 de setembro de 2018, dispoñible en: https://www.eldiario.es/politica/Ejercito-lengua-pilares-Ucrania-Poroshenko_o_816469069.html

se demostrou na recente independencia da Igrexa Ortodoxa Ucraína. A mellora da situación económica e a diminución da corrupción son tamén parte do seu programa. Unha das principais debilidades é o incumprimento das súas promesas electorais, sobre todo no referido a solución do conflito no Leste do país.

A pesares de que, en novembro de 2018, contaba cun apoio baixo nas enquisas, tras o incidente co Rusia no mar de Azov, a súa popularidade subiu e está ocupando agora o segundo posto cerca de Timoshenko, cun 14%⁽⁷⁾ na intención de voto. Ten boas expectativas, xa que hai expertos que auguran un maior apoio dos electores á candidatura de Poroshenko a medida que se acerque a data electoral.

Pola súa banda, **Anatoly Gritsenko** é un coronel na reserva, foi ministro de Defensa (2005-2007) e é o número un do Partido da Posición Civil. É un candidato desligado da oligarquía, prometeu “cortar os brazos aos corruptos”⁽⁸⁾ e ten unha posición moi dura contra as autoproclamadas repúblicas de Donetsk e Lugansk. É un firme defensor do xiro de Ucraína cara Occidente. Está próximo a Poroshenko nas enquisas.

Un dos novos candidatos é **Vladimir Zelenski**, antiga estrela de rock na banda Okean Elzy. Actualmente é o presentador do programa satírico “1+1” na televisión do

oligarca de orixe xudeu **Igor Kolomoiski**. É o candidato da reforma, polo menos así o declara, afirmando tamén a súa independencia⁽⁹⁾ fronte á oligarquía. Tivo moi boas expectativas na intención de voto (8-12%) no pasado mes de novembro, e agora compite en intención de voto co líder do Bloque da Oposición, **Yuri Boiko**. Zelenski postúlase polo partido Sluga Naroda (Servidor do Pobo).

Pola súa banda, Yuri Boiko naceu no distrito de Donetsk e lidera a coalición entre o Bloque da Oposición (sección esquerdistas do Partido das Rexións do deposto presidente **Viktor Yanukovich**) e o partido Pola Vida de **Vadim Rabinovich**⁽¹⁰⁾, concentran así a oposición prorrusa no país. Boiko é considerado o representante dos intereses de Moscova en Ucraína. “*Poden chegar a ter opcións de alcanzar a segunda volta*”⁽¹¹⁾.

Finalmente, **Oleg Liashko** é o líder do Partido Radical, ten un 6.9% de apoio en intención de voto, promete reducir o número de deputados, reducir os aranceis e realizar un cambio na clase política de Ucraína⁽¹²⁾.

(7) RTVE: “La campaña para las presidenciales de Ucrania arranca marcada por la tensión con Rusia” en: *RTVE.es*, 31 de decembro de 2018, dispoñible en: <http://www.rtve.es/noticias/20181231/campana-para-presidenciales-ucrania-arranca-marcada-tension-rusia-mar-negro/1861660.shtml>

(8) Colás, Xabier: “Yulia Timoshenko presenta su candidatura para presidir ‘una Ucrania poderosa’” en: *elmundo.es*, 22 de xaneiro de 2019, dispoñible en: <https://www.elmundo.es/internacional/2019/01/22/5c4724a9fc6c8398568b4614.html>

(9) Iwanski, Tadeusz; Nieczytor Krysztof: *op.cit.*

(10) “Ukraine’s pro Russian opposition leaders Boyko and Rabinovich merge parties” en: *Intellinews.com*, 12 de novembro de 2018, dispoñible en: <http://www.intellinews.com/ukraine-s-pro-russian-opposition-leaders-boyko-and-rabinovich-merge-parties-151789/>

(11) Iwanski, Tadeusz; Nieczytor Krysztof: *op.cit.* p.14.

(12) 34 телеканал: Олег Ляшко обнародовал свою предвыборную программу, en: 34телеканал.ua, 22 de xaneiro de 2019, dispoñible en: https://34.ua/oleg-lyashko-obnarodoval-svoyu-predvybornuyu-programmu_n73817

4.3. Taiwán, mudando de pel, trocando as perspectivas de futuro?

Marola Padín Novas

No seu discurso conmemorativo da “Mensaxe aos compatriotas de Taiwán”, coincidindo co 40º aniversario da primeira aproximación entre ambos lados do estreito de Formosa, o presidente chinés **Xi Jinping** non ofreceu nova algunha. A súa mención ó uso da forza militar no caso de que Taiwán queira facer efectiva a súa independencia formalmente non é un feito novidoso, simplemente reiterativo. Se ben a unificación pacífica é o obxectivo primordial o presidente chinés, o máis poderoso dende **Mao Zedong**, agarda como unha meta, case persoal, solucionar o “asunto taiwanés” sen espazo a interpretacións nin nunha dilación moi prolongada no tempo.

O presidente chinés insistiu en que Taiwán debería acollerse ao marco de “un país, dous sistemas” (unha idea orixinalmente proposta por **Deng Xiaoping** a principios da década de 1980) que aplícase en Hong Kong e Macau. Nembargantes, Taiwán non confía nesa fórmula e aínda menos despois das protestas e retrocesos no eido político como consecuencia das presións e influencia de Beijing sobre Hong Kong.

Namentres, EUA, terceiro actor do triángulo, toma cartas no asunto. O debate sobre a manipulación de China sobre o tipo de cambio da súa moeda, o iuan, primeiro, e a actual guerra comercial, deu pé a que o presidente **Donald Trump** aportara un novo pulo de vitalidade nos vínculos con Formosa. Non só mantivéronse as vendas de armas senón que se intensificaron os contactos oficiais e os vínculos militares (Taiwan Travel Act).

Aínda que todo isto supuxo un alento para as posicións soberanistas na illa, existen moitas dúbidas dun claro posicionamento dos EUA en caso de conflito real, pois Trump pode estar a empregar a Taiwán como unha peza máis para premer a China.

Taiwán é unha illa auto gobernada, con eleccións democráticas e que actúa *de feito* como un país independente, mantendo relacións exteriores pese a non ter un asentado nas Nacións Unidas (perdido en 1971 en favor da República Popular de China). O Goberno da República de China (Taiwán) pide ao resto de países que manteñan as súas relacións activas con Taiwán, se ben é certo que nos últimos dous anos e medio, ata cinco países (O Salvador, Saõ Tomé e Príncipe, Panamá, República Dominicana e Burkina Faso) cortaron relacións diplomáticas con Taipei. A presión de Beijing por illar a Taiwán é evidente.

Por todo iso, a presidenta taiwanesa **Tsai Ing-wen** reiterou a negativa do seu goberno a aceptar o Consenso de 1992 como base de calquera diálogo entre ambos lados do estreito. Por outra banda, esta posición dos soberanistas perde forza convincente cara a poboación debido a estrepitosa derrota do Partido Democrático Progresista (PDP) nas eleccións locais do pasado 24 de novembro de 2018, cando o PDP perdeu 1,20 millóns de votos en comparación con 2014 e feudos tan representativos como Taichung e Kaohsiung, dando paso a un novo plano de actuación de cara ás eleccións presidenciais e lexislativas de 2020.

Como consecuencia, a presidenta Tsai presentou de forma contundente a súa dimisión á fronte da formación verde, asumindo en primeira persoa a debacle electoral. O partido Kuomintang (KMT) gañou 15 das 22 cidades e condados (contra 6 no 2014).

No eido económico, o continente é o principal socio de Taiwán e acapara en torno ao 40 por cento das exportacións da illa. O coidado no mantemento destas relacións é clara e necesaria. Como exemplo recente, unha ruta directa de carga marítima entre a cidade de Kaoshiung e Pingtan, en Fujian, iniciou o seu funcionamento o sábado 19 de xaneiro de 2019, co obxecto de acurtar o tempo en que os produtos agrícolas procedentes da illa chegan aos mercados do continente.

Coa apertura da ruta, a viaxe entre as dúas cidades redúcese de dous ou tres días a só nove horas. Aproximaranse, asemade, nun futuro no resto de relacións no estreito?

4.4. “Agora que si nos ven”.

Visibilidades e tensións que ofrece o feminismo arxentino na puxa electoral 2019

Micaela Fernández Darriba

O feminismo é un movemento internacional e internacionalista que hoxe está en boca de todo o mundo, xa sexa para reivindicalo ou para insultalo. Neste presente ningún queda ao marxe de tomar unha posición sobre temas e problemáticas da axenda feminista. O exemplo, quizais, máis paradigmático sexa o da dereita: tanto en Brasil co ascenso do actual presidente **Jair Bolsonaro**, como en Andalucía co xurdimento de VOX. Alí recóllense os postulados e as bandeiras do feminismo para confrontalos, como é o caso da “violencia machista” e a súa negación, ou da erroneamente denominada “ideoloxía de xénero”.

A Arxentina, coa súa longa tradición política, non podía ser a excepción. Nunha

conxuntura onde imponse a masividade, a visibilidade e a converxencia dos diferentes feminismos, como sostense nunha das principais consignas e cánticos da nosa rexión: “*ahora que estamos xuntas*”, a forza e a potencia obrigan a revisar estilos e estratexias políticas. “*Ahora que si nos ven*”, é outra das frases que atravesas, sen dúbida, a escena do debate.

Neste sentido, cabe preguntarse: o feminismo arxentino pode mover as agullas da política do país de cara ás próximas eleccións presidenciais? Pode poñer sobre a mesa problemáticas e cuestións de axenda propia? É posible que poda transformar algúns espazos dominados pola lóxica sexista dos partidos políticos e das súas figuras tradicionais?

Unha primeira e apresurada resposta podería dicir que si. Sen ir mais lonxe, xa o fixo co debate en torno á legalización do aborto en 2018. Nesta ocasión forzou a tomar postura a favor dun “kirchnerismo” que mantívose ao marxe (durante a súa xestión) e con oposición de certos sectores conservadores do propio peronismo. Ó mesmo tempo, obrigou ao presidente **Mauricio Macri**, que sempre declarouse contrario a súa legalización, a abrir o debate, xa sexa por oportunismo político, porque era necesario mostrarse como “liberal” nos dereitos civís, pola presión dos colectivos feministas, ou por todo isto xunto.

Florencia Mateo, militante feminista da organización política La Cámpora, opina ao respecto: “*no persoal creo que Mauricio Macri habilitou o debate por pura medición electoral, porque paralelamente a dito debate avanzaba con medidas esmagadoras en materia de dereitos; como a privatización do sistema de saúde, a reforma laboral e a precarización da educación. Isto último,*

produce que non poda avanzarse coa ESI (Educación Sexual Integral) nos distintos niveis da ensinanza. Este modelo económico nunca tivo, nin ten como motor fundamental da súa política aos dereitos humanos”.

Pola súa banda, **Sonia Magasinik**, traballadora social e coordinadora de “Mulleres sen medo” e de “Xuntas e á Esquerda”, sostén que o presidente arxentino posibilitou o debate sobre o aborto pola *“tremenda presión do movemento feminista”*. A activista considera que a apertura do debate *“foi unha xogada ou unha manobra, ante o fracaso da súa política económica, para tentar congraciarse co movemento feminista”*. Magasinik tamén afirma que tratouse dunha especie de *“cortina de fume”*. *“O que nunca imaxinou é que a mobilización de apoio ao proxecto de lei fora tan multitudinaria e radicalizada”*.

Para empezar a desandar estas preguntas, que derivan en moitas outras mais, e que representa un cuestionamento fundamental, hai que comezar a revisar a historia recente do feminismo internacional, a do feminismo arxentino (coas súas múltiples particularidades) xunto ás tensións da política partidaria e das diferentes fronteiras políticas. Tamén é necesario observar a relación cos sectores relixiosos, xa que a Igrexa católica e agora a evanxélica, son actores en pugna na construción de hexemonía cultural, política e económica.

A xornalista **Luciana Peker** afirma no seu libro *“La revolución de las mujeres. No era solo una píldora”*, que a masividade da saída ás rúas e a apropiación do espazo público como modo de protesta feminista que viuse reflectido na primeira marcha do “Nin unha Menos” (3 de xuño de 2015) está vinculado coa experiencia horizontal e diversa dos Encontros Nacionais de Mulleres, que xa leva

mais de trinta anos no país. Concretamente, Peker sinala que estas manifestacións propias do feminismo arxentino, ou dos feminismos arxentinos, ten sido “paridos” por estes emblemáticos encontros. Porque segundo Peker, estes encontros representan *“o fenómeno político e social máis forte, impactante, diverso, organizado, mobilizado, convocador na Arxentina”*. Aínda que tamén afirma que é o mais *“invisible e reprimido”*.

Pola súa banda, **Claudia Laudano**, profesora, teórica e investigadora en Feminismo, medios e Tics, e activista feminista, quen participa activamente dos encontros dende a celebración da súa terceira edición (1988), explica que se ben este espazo non foi definido como feminista, xa que concorrián algunhas mulleres pertencentes a partidos de esquerda, sindicatos, organizacións territoriais, etc. que non se recoñecían como tales por diversos motivos, a construción, a organización e a identidade política de moitas de quen idearon estes espazos e que están presentes neles, é marcadamente feminista.

Neste punto, é importante advertir que o feminismo arxentino, mellor dito dos “feminismos”, ofrece no seu interior unha constante tensión e resignificación no seu posicionamento e na súa linguaxe. Por este motivo, participan, inflúen e conflúen nestes feminismos diversas construcións teóricas e políticas incorporadas dende lóxicas locais, como é o caso do “feminismo popular”.

Estes feminismos tamén vincúlanse cos feminismos forxados dende a participación política partidaria, sindical e en distintos espazos de barrios, colectivos migrantes, indíxenas, LGTBI, etc.

Alén da diversidade e tensións ao interior do feminismo, no presente atópase unido

e atravesado por diversas consignas, posturas e axendas. O aborto legal, a organización do 8M e a súa manifestación, e a loita contra a violencia machista, o acoso e o abuso nas súas diferentes formas.

Todo comezou cunha folga

A historia do feminismo moderno, mellor dito do activismo comeza un 8 de marzo. Pódense ter dúbidas acerca de cómo ocorreu a imprecisión acerca das datas, e de como e cando lexitimouse, pero polo certo é que ese día conmemorativo está centrado nunha reivindicación salarial que fala das condicións de explotación e da violencia cara un colectivo específico. A folga, as manifestacións e as demandas do agora recoñecido como 8M, narran gran parte da historia e da conxuntura feminista.

Nos derradeiros anos, esta historia, este relato, deu un xiro: as manifestacións comezaron a facerse masivas e as folgas (fora do calendario reivindicativo) multiplicáronse.

“*O futuro é feminista*” afirman camisetas que desfilan tanto na pasarela da Semana da Moda en Nova York como nas rúas de México, Arxentina, Uruguai, Polonia ou Alemaña. Mulleres de todas as idades e de máis de 50 países marcharon o 8 de marzo de 2018 nun paro internacional que marcou todo un fito. “*Unhas fixérono baixo a consigna Nin Unha Menos, outras reclamaron por dereitos reprodutivos, ou pola igualdade salarial, en contra da discriminación*”, así o narra **Mercedes D’Alessandro** no seu artigo “Si hay futuro, es feminista” incluído no libro “¿El futuro es feminista?”.

O 8M, na Arxentina, transfórmanse nun espazo catalizador das demandas e nun lugar ao que súmanse diferentes actores como o colectivo LGTBI e a participación activa das

adolescentes e as militantes mozas. “*A rebelión das fillas*” foi unha forma de nomear a esta nova incorporación que prodúcese entre as Nais e as Avoas da Praza de Maio e as denominadas “*pibas*” (nenas e adolescentes que maniféstanse polos seus dereitos nos centros de estudantes, nas rúas, nos seus traballos, etc.).

Esta “masividade” xa contaba cun antecedente no noso país que habíase expresado nas manifestacións do “Nin Unha Menos” e no “paro” (folga) do 19 de outubro de 2016 en repudio ao femicidio de Lucía Pérez en Mar de Prata.

A axenda mais urxente

A ampla participación do feminismo e das súas consignas expresáronse, non só nas rúas senón nos medios de comunicación, en nun sentido máis amplo na xustiza. O lema “*se non hai xustiza, hai escrache*” comezou proliferar e serviu como visibilización da existencia dunha xustiza que é patriarcal e que merece ser reformada. Isto exprésase na organización da “Constituínte Feminista de Arxentina” cuxo obxectivo é obter a igualdade de dereitos e impulsar unha reforma democrática do Estado dende unha perspectiva de xénero.

O impulso destes discursos feministas, ou que posúe unha pegada feminista, reflectiuse no activismo polo dereito ao aborto, tanto nos medios de comunicación como no Congreso cos seus oradores e oradoras e nas rúas. Por outra banda, os debates sobre o aborto deron lugar a unha nova campaña que busca a separación da Igrexa e do Estado arxentino, así como a aplicación da EIS en todas as escolas e todos os niveis, e as demandas polas tarefas reprodutivas e de coidado e as licencias por paternidade e maternida-

de. Por outra banda, o Colectivo de Actrices Arxentinas sentaron as bases para un *Me Too* propio que busca desmontar a lóxica da naturalización das violacións, abusos, acoso, pero tamén da disparidade (económica e cultural) entre homes e mulleres.

O paro (folga) é tamén unha resposta a un sindicalismo que permaneceu alleo ás demandas do seu propio colectivo e unha discusión en torno ás prácticas tradicionais da política.

Lenny Cáceres, directora de Diario Dixital Feminino, achéganos a unha cifra contundente e dolorosa: en 2019 producíronse, en todo o país, 29 femicidios, 8 transfemicidios e 3 travesticidios. Algúns colectivos reclaman a declaración inmediata de “emerxencia” en materia de violencia machista. O goberno aínda non se expresou, nin respondeu a través de declaracións ou medidas concretas.

O escenario está elevado, as demandas son inevitables para a política, e a rúa está agardando por un novo 8M, agora que nos repensamos, que nos unimos, que proxectamos e sabemos que “si nos ven”.

4.5. África subsahariana: desafíos democráticos para deixar atrás o estigma dos dramas humanitarios

Pablo L. Orosa

Unha ducia de países africanos, entre eles Nixeria ou Sudáfrica, afrontan este 2019 procesos electorais que poñerán a proba a madurez democrática dun continente ameazado pola colonización económica e o terror xihadista, mais que avanza a paso firme cara un futuro con axenda propia.

Aínda que a narrativa mediática continúa a achegar a imaxe africana expresada no famoso libro de **Joseph Conrad**, *O corazón das tebras* (1899), a dos paisaxes salvaxes, solpores maxestosos e barbarie social, o continente pula cara un discurso propio que lle está a representar grandes beneficios: solucións africanas para problemas africanos. Deste lado do mundo apenas se fala de que, dende principios de século, a esperanza de vida aumentou nunha década, de que Gana eliminou as cegueiras causadas polo tracoma ou de que en Ruanda hai drones que se encargan de levar aos hospitais a sangue necesaria para as transfusións. Trátase da outra África. Da África que non vemos.

Está o continente inmerso nunha transformación descomunal patrocinada polo xigante chinés. O Programa de Desenvolvemento de Infraestruturas en África (PIDA, en inglés) prevé instalar, antes de 2040, 37.200 quilómetros de autoestradas, 30.200 de camiños de ferro e 16.500 de liñas eléctricas, así como xerar 54.150 megavatios de electricidade a través de centrais hidroeléctricas e aumentar a capacidade dos peiraos en 1.300 millóns de toneladas.

O Goberno chinés, embarcado no impulso dunha nova Ruta da Seda, é o principal inversor destes proxectos: do novo *hub* aeroportuario en Addis Abeba, da conexión ferroviaria entre Etiopía e Djibuti -onde China ten a súa primeira base militar en territorio estranxeiro-, de turística liña entre Nairobi e Mombassa en Kenia, da autoestrada entre Dakar e Bamako ou do gran proxecto hidroeléctrico Inga 3 na República Democrática do Congo (RDC), onde vai da man da construtora española ACS.

Unha diplomacia económica que lle granxea o control de boa parte dos recursos naturais do continente e que lle outorga un papel cada vez máis decisivo na xeopolítica rexional: en Sudán do Sur, onde a China National Petroleum Corporation (CNPC) manexa o transporte de petróleo, o que nunha das repetidas crises do país obrigou a Beijing a romper o principio de *non intervención* e despregar tropas en chan africano, o goberno chinés é un dos principais interlocutores para o proceso de paz.

Esta nova -ou non tan nova- expresión colonial é unha das principais ameazas para o continente africano. As antigas metrópoles, como Francia no Sahel, e o gardián estadounidense, non renuncian ás súas esferas de influencia, o que alimenta a inestabilidade nun territorio proclive historicamente á división tribal.

O escándalo pola inxerencia de Cambridge Analytica no proceso electoral do pasado ano en Kenia, que tivo que ser repetido por irregularidades, foi só un aviso do que pode acontecer nun 2019 no que as dúas locomotoras do continente acudirán ás urnas: Nixeria, co problema da milicia islamita de Boko Haram na cerna do país, con eleccións en febreiro; e a Sudáfrica da corrupción, con comicios ao redor de maio. Non son os únicos: ata unha ducia de países, entre eles Senegal, Mauritania, Alxeria, Tunicia ou Mozambique, poñerán a proba os seus avances democráticos.

Porque pese ao empoderamento democrático do continente, aínda son visibles os

atrancos provocados pola corrupción ou o nepotismo. A caída de **Robert Mugabe** en Zimbabue (2017) foi un aviso para outros líderes africanos eternizados no poder, como son os casos de **Paul Biya** en Camerún, **Teodoro Obiang** en Guinea Ecuatorial ou **Yoweri Museveni** en Uganda. As demandas de cambio nun continente que alberga ás 10 sociedades máis novas do mundo, todas con idades medias por debaixo dos 18 anos, son incompatibles cos réximes autoritarios impostos por estes mandatarios. O recente levantamento popular en Sudán contra **Omar al Bashir** é o último caso.

A loita xihadista

O cóctel de pobreza, aldraxes históricos, presión demográfica e desafecto político segue a facilitar a expansión *xihadista* polo continente. Os movementos locais, como Boko Haram en Nixeria ou Al Shabab en Somalia, víronse impulsados pola carreira entre Al Qaeda e o Estado Islámico (ISIS polas súas siglas en inglés) polo dominio da *xihad* global.

Aínda que os herdeiros de **Osama Ben Laden** manteñen o liderado polo seu vellelo histórico coas loitas en África, a nova estratexia do ISIS trala caída de Raqqa (Siria) supuxo a entrada dun novo xogador no escenario africano: a toma da centenaria cidade de Qandala no norte de Somalia ou as escisións no Magreb atomizan e complican aínda máis a loita contra o extremismo islámico. Por riba, no paupérrimo norte de Mozambique agroma tamén un novo grupo radical do que non hai máis pistas que a súa voz armada contra o desleixo do seu territorio.

5.

Reflexións transversais

5.1. Os choques de nacionalismos de gran potencia (EUA, Rusia, China)

Jared D. Larson

Fóra do contexto español e da cuestión do independentismo catalán, sorpréndeme que os politólogos non haxamos aproveitado mais do termo de “choque de nacionalismos,” apropiándonos do concepto de “choque de civilizacións” do estadounidense **Samuel P. Huntington**.

Para seguir co seu léxico, é indubidable que “Occidente” padece do nacionalismo ao nivel interno. Os resultados de varias e recentes eleccións, tales como Suecia e Alemaña (2018), Francia (2017), EUA (2016), o referendo sobre o Brexit en Gran Bretaña (2016) e Dinamarca (2015), indican unha auxe inquietante de nacionalismo nos seus respectivos contextos internos. Ata na península ibérica, onde dende as transicións democráticas os partidos de extrema dereita escasamente tiveron un papel a desempeñar, o actual éxito de Vox nas derradeiras eleccións autonómicas en Andalucía o pasado mes de decembro de 2018, e a formación legal do partido Chega en Portugal en xaneiro de 2019 son, ou deberían ser, feitos mais que preocupantes.

Igual de alarmante é que os politólogos non esteamos prestando a atención debida

ao papel do nacionalismo nas relacións internacionais. No contexto interno, por todo o Occidente, ese xiro electoral cara o populismo nacionalista en gran parte débese á inmigración e á incapacidade de certos sectores da sociedade para adaptarse á nova realidade intercultural.

En EUA é case imposible ver a palabra “nacionalismo” sen a palabra “branco” o seu redor. Vese como factor fundamental na política interna e case ausente da internacional. Debido ao clima anti-inmigrante que el mesmo cultiva, cando o presidente **Donald Trump** declarouse nacionalista en outubro de 2018, todos pensamos nas posibles consecuencias nacionais, que motivaría ataques xenófobos por parte de persoas de antecendencia europea (os brancos) e, tristemente, así foi. Pero, cómo pode o nacionalismo influír ao sistema global?

Para responder á pregunta, non debemos esquecer o marco teórico de Huntington, polo moito que non me gusta (a teoría e o seu creador). Non sosteño que un choque entre as civilizacións sexa inevitable, senón que recomendo que esteamos atentos ao peso do nacionalismo correndo polas capitais duns países moi importantes que, por casualidade, son os máis influentes das dúas respectivas civilizacións: EUA, Rusia e China. Podería ser a raíz do cambio internacional mais drástico na xerarquía global que se teña visto dende a conclusión da II Guerra Mundial.

Segundo os estudos académicos sobre o nacionalismo, debido a súa historia, ao seu carácter multinacional e diverso e as súas numerosas vitorias militares, en EUA, o nacionalismo “clásico” mira ao futuro. Polo bo ou o polo malo, iso explica as doutrinas do Destino Manifesto e de **Monroe** do século XIX e o

imperialismo dos séculos XX e XXI. O que poderá acabar co imperio actual, cuxos efectos ao sistema global aínda descoñécense, non é necesariamente o militarismo chinés ou ruso senón o menoscabo causado polo nacionalismo tradicional europeo que emprega Trump actualmente, cuxa visión mira cara atrás.

É imposible (to) “Make America Great Again” porque o mundo en que esa “América” (sic) existía xa non é a realidade global. O mero intento non fai nada mais que dificultar a tarefa do cuadraésimo sexto presidente estadounidense, sexa en 2021 ou en 2025, e redunda en beneficio de Moscova e de Beijing. É dicir, o comportamento nacionalista de Trump na política interna quítalle o ollo ao nivel internacional. É un autogol total.

En vez de que EUA volva a ser grande outra vez, Trump facilita o camiño irredentista cara a recuperación da grandeza do imperio ruso. E pasa por alto a posibilidade de que o presidente chinés **Xi Jinping** non desexe que China recupere unha grandeza perdida, senón que sabe que os seus mellores momentos, ou séculos, están aínda por vir.

5.2. O Poder Judiciário como arma política

Frederico de Almeida

Desde a segunda metade do século XX, o protagonismo político do Poder Judiciário tem aumentado, impulsionado pelos procesos de democratización, redemocratización e constitucionalización pelos quais passou grande parte dos Estados nacionais desde entón.

No geral, a lóxica desse proceso, identificada por sociólogos do direito e cientistas políticos, é a seguinte: a expansión dos direi-

tos em regimes constitucionais e democráticos, asociada ao aumento da complexidade das relacións sociais, políticas e económicas aumenta a potencial litigiosidade judicial e o campo de acción dos tribunais no arbitramento dos conflitos emergentes.

Contudo, non só nosa capacidade de comprensión do fenómeno mudou, como mudou tamén a dinámica desse fenómeno em tempos recentes. O Poder Judiciário non pode ser considerado apenas um agente pasivo de procesos de mobilización do direito que levam a ele os conflitos sociais, mas deve ser necesariamente comprendido como um ator político com intereses e dinâmicas propios nesses conflitos. Além disso, non estamos mais em uma era de expansión de direitos, mas sim de sua retração, acompañada do desmonte de políticas sociais e da imposición de políticas de austeridade económica que causam forte repulsa popular, e assim, colocam em xeque os próprios fundamentos das democracias capitalistas.

É nesse contexto que devemos entender o protagonismo judicial contemporâneo. Não raro, retrocessos autoritários, regimes de austeridade e ataques a direitos humanos vêm sendo levados a cabo por governos eleitos democraticamente, sem rupturas formais de regimes políticos e constitucionais. Esses procesos de “desdemocratização” mantêm a aparência democrática junto às instituições e à opinião pública, mas com forte esvaziamento de seu conteúdo. Neles, a legitimación judicial é peça fundamental, e por isso a capacidade de mobilización política do Poder Judiciário é importante para se compreender seus avanços e retrocessos.

Os acontecimentos recentes no Brasil dão um exemplo desse tipo de proceso. A

Operação Lava Jato alimentou a crise política desde seu início, em 2014, e da ação de seus procuradores e do seu principal magistrado resultaram momentos-chave para a derrocada do governo de **Dilma Rousseff**, como a prisão do líder do governo no Senado, o bloqueio à nomeação do ex-presidente **Lula da Silva** como ministro de Dilma e, ao final, sua prisão, que o afastaria das eleições de 2018, nas quais figurava como líder nas pesquisas de intenção de voto.

Durante todo o processo, o Supremo Tribunal Federal brasileiro legitimou, por meio de decisões monocráticas, precárias e casuísticas, as soluções judiciais e políticas excepcionais que permitiram o avanço da Operação Lava Jato sobre o Partido dos Trabalhadores (PT) e que levaram ao *impeachment* de Dilma Rousseff. Tal ataque judicial à política prejudicou não só o partido do governo, mas também os tradicionais partidos de oposição que tentaram se aproveitar da Operação Lava Jato, fazendo com que fosse eleito presidente em 2018 o ex-militar **Jair Bolsonaro**, populista de extrema-direita que fez do juiz da Lava Jato seu ministro da Justiça.

Embora o caso brasileiro concentre de maneira bastante evidente vários elementos desse tipo de protagonismo judicial, outros contextos políticos também demonstram a centralidade do Poder Judiciário em crises democráticas. É assim, por exemplo, que devemos compreender a resiliência do presidente venezuelano **Nicolás Maduro** e a dificuldade da oposição em quebrar o suporte institucional do regime chavista na Venezuela, formado pelo forte apoio das Forças Armadas, mas também pelo total controle do governo sobre um Poder Judicial que não apenas legitima os atos do Executivo, mas

também atua fortemente na repressão de opositores.

Na Turquia, a crescente concentração de poder e as práticas de exceção pelo presidente eleito **Recep Tayyip Erdoğan** também passam por seu controle sobre o Poder Judiciário. Nos EUA, o presidente **Donald Trump** sabe que além das dificuldades no Congresso, pode ter que enfrentar na Suprema Corte obstáculos não só às suas políticas, como também, eventualmente, à própria sobrevivência de seu mandato.

Também deve ser observada a situação da Europa, na qual governos populistas de direita avançam em políticas restritivas de direitos, especialmente em questões criminais e de imigração, desafiando princípios de direitos humanos incorporados pelos tribunais nacionais e europeus e pondo em risco a própria unidade europeia.

5.3. Balance da estratexia electoral da esquerda latinoamericana

Augusto Zamora R.

Para situar a América Latina nunha perspectiva comprensible, faise necesario, de previo, dar uns cantos datos básicos da súa estrutura económica, social e informativa. Unha primeira cuestión, ao noso xuízo fundamental, é entender que América Latina é a rexión máis desigual do mundo a tal punto que, dos dez países con maior desigualdade de riqueza a nivel mundial, oito son latinoamericanos (Haití, Honduras, Colombia, Brasil, Panamá, Chile, Costa Rica e México) e só dous africanos (Sudáfrica e Ruanda).

Tal nivel de desigualdade ten xerado sociedades duais, é dicir, sociedades formadas

por grupos sociais sumamente diferenciados entre si polos seus niveis de riqueza, educación, saúde e, por suposto, polos seus niveis de control e de acceso aos resortes do poder.

Desigualdade haina en tódalas partes, pero non tan abismais como as existentes nos países latinoamericanos. Este feito ten provocado que os grupos sociais non se relacionen entre eles, salvo na relación “amo-servidor”, o que fai que vivan de costas uns dos outros. A partir desa diferenza determinante, dispáranse feitos tan fundamentais, como o dominio e acceso aos conglomerados de comunicación -tema que nos ocupa-, o que inflúe de xeito determinante na elaboración das estratexias electorais.

Pero fai falla precisar mais. En América Latina, con mínimas excepcións, os medios de comunicación pertencen a grandes grupos oligopólicos, que estenden o seu dominio á prensa escrita, as radio emisoras, internet e os canais de televisión. O Globo en Brasil; Clarín na Arxentina ou Televisa en México, son exemplos representativos destes conglomerados que, nalgúns casos (como ocorre en Perú, Colombia ou Brasil) chegan a controlar ata o 80% da audiencia radial e televisiva. Deste xeito, a poboación, sobre todo nos períodos electorais, sofren unha auténtica intoxicación informativa a favor dos candidatos das clases dominantes e contra a esquerda.

A existencia de cuase monopolios informativos condiciona de xeito terrible a política. Non hai igualdade de oportunidades, nin as forzas progresistas teñen capacidade, polo reducido dos seus medios, de contrarrestar o peso demoledor dos conglomerados. Isto obriga, entre outras cousas, a basear as súas estratexias electorais nunha gran mobilización dos seus partidarios e militantes e a facer

uso masivo das redes sociais, aínda que con estas últimas, tampouco hai equivalencia. O control dunha porcentaxe notable de Internet pasa tamén pola peneira dos conglomerados, moitos dos cales a controlan, como o grupo Claro en México e América Central.

Despois da vaga de gobernos de esquerda e progresistas, iniciada en 1998 por **Hugo Chávez** en Venezuela, tanto as oligarquías nativas como os EUA procederon a unha recomposición xeral dos conglomerados de comunicación, para convertelos no ariete a través do cal ir desmantelando, un por un, a gobernos, líderes e partidos de esquerda. Poderosas campañas mediáticas actuaron como unha inmensa segadora, que ía asfixiando, de forma implacable, as estratexias electorais da esquerda, dende moito antes de que iniciáranse as campañas electorais.

O caso de **Luíz Inácio da Silva, Lula**, en Brasil, é ilustrativo da nova estratexia. A oligarquía brasileira sabía que, se Lula ía de novo como candidato, o seu enorme arraigo popular levaríano de novo á presidencia. A demolición da súa candidatura empezou cunha campaña mediática brutal, seguida do seu procesamento sen probas e, finalmente, a súa condena e inhabilitación como candidato. Preso Lula, a esquerda brasileira perdía ao seu único candidato gañador e o camiño quedou aberto para a dereita.

Unha estratexia similar está en marcha contra **Cristina Fernández** na Arxentina, dirixida polo grupo Clarín e acompañada de xuíces que buscan deixala por fóra do xogo político. O procesamento do ex presidente ecuatoriano **Rafael Correa**, e os intentos de impedir a nova candidatura de **Evo Morales** en Bolivia, confirman a nova estratexia de EUA e das oligarquías, de empregar unha

estratexia combinada de medios de comunicación e de xuíces afíns, para liquidar as posibilidades electorais das forzas de esquerda.

A nova situación constitúe un reto máis para as organizacións e de partidos de esquerda e progresistas en América Latina. As forzas opostas ao cambio teñen no dominio dos conglomerados de comunicación un adversario formidable, respecto do cal deben actualizar os medios e formas de contrarrestalo. Dado que crear conglomerados semellantes é misión imposible, o traballo dende a base e o uso masivo dos recursos que pon en man Internet -pese a todo- constitúen os seus medios para equilibrar no posible a súa actual desvantaxe.

O balance que toca facer é, hoxe por hoxe, negativo, como despréndese dos derradeiros resultados electorais. Non obstante, hai conciencia das novas situacións e cabe esperar que as forzas de esquerda e progresistas saiban adaptarse ás novas e mais duras condicións de loita. Os próximos resultados electorais dirannos se souberon facelo ou non, ou toca agardar outro ciclo fatal de gobernos de dereita.

■ 5.4. América Latina e o Caribe: axenda feminista

María Xosé Porteiro

Constátase a existencia dunha guerra feminicida en América Latina e o Caribe. En 1993 apareceu o corpo de **Alma Chavira** en Cidade Juárez (México) e nos vinte e cinco anos transcorridos dende entón, as asasinadas son preto de 2.000. Mentres tanto, algúns nomes sonoros de políticas e activistas sociais sinalan a dureza da loita feminista

no territorio: a política brasileira **Marielle Francisco da Silva**, asasinada en marzo de 2018, socióloga, feminista e militante dos dereitos humanos e política brasileira. **Berta Cáceres**, asasinada en marzo de 2016, líder indíxena, feminista e activista ecoloxista hondureña. En ambos os casos, a violencia asasinada foi promovida por estamentos militares, políticos e corporacións multinacionais.

No que se considera a causa máis frecuente de violencia de xénero no mundo: a que se da na contorna familiar ou afectiva das vítimas, as cifras oficiais do Observatorio de Xénero da CEPAL indican que só en 2017 se rexistraron 2.795 feminicidios en vinte e tres países. A violencia machista ten outras caras: unha, moi preocupante, a institucional por falla de amparo dos dereitos que garanten a vida das mulleres, como acontece coa lexislación prohibicionista ou sumamente restritiva, respecto do aborto. Só é legal en México D.F, Cuba e Uruguai. En Chile e Arxentina está aberto o debate para a súa regulación, mais aínda en dura confrontación cos respectivos parlamentos; en Bolivia se están a dar algúns avances, e en outros países con réximes de esquerda, como Venezuela ou Nicaragua, está prohibido absolutamente.

A estes indicadores poderían engadirse os da violencia sexual: mais dun millón de nenas e adolescentes son vítimas e unha de cada catro contrae matrimonio sendo menores de idade (UNICEF, 2017).

As cifras debuxan un panorama estarrecedor no que a militancia e a mobilización feminista está emerxendo como un movemento de grande intensidade, con características propias a respecto de Europa ou os EUA, e tamén con casuísticas propias segundo os países. Coincide, en todo caso, coa emerxen-

cia de liderados intelectuais e políticos como **Marcela Lagarde** ou **Rita Segato**, por significar a un grupo de filósofas, sociólogas, politólogas, comunicadoras, que aportan fondura e renovación a conceptos e definición de situacións, mesmo que seguen a ser ignoradas polos ambientes académicos ou políticos convencionais.

América Latina e o Caribe están a ser o laboratorio da extrema dereita que ve o feminismo como a maior ameaza para os intereses da cosmovisión patriarcal, sen dúbida, alertados pola forza, cada vez maior, das organizacións feministas que nuclean, arredor de si, as mellores vindicacións históricas da esquerda, nomeadamente o ecoloxismo, a xustiza social e os dereitos humanos no seu conxunto.

A resposta masiva á convocatoria do 8 de marzo de 2018, ou as mobilizacións a prol do aborto en Arxentina, demostraron unha capacidade de resposta impresionante: unha marea violeta, con panos verdes tamén para identificar ás *pibas* arxentinas, deixou a imaxe dunha avalancha de mulleres -a maioría moi novas- que toman as rúas, corean consignas, acampan a carón dos Parlamentos, erguendo os puños co emblema do círculo rematado cunha cruz que identifica ao feminismo.

A singularidade desta situación é que o patriarcado se rearma coa ultradereita pero está consentido e apoiado pola esquerda latinoamericana. O aborto é o mellor exemplo. Todo trufado pola complicidade das igrexas evanxélica e católica, por acción ou omisión. E sostido por poderes económicos que ven con temor a alianza entre o feminismo e o ecoloxismo.

O que acontece en América Latina é crucial para o futuro da Humanidade. No caso do feminismo, tamén.

5.5. A revitalización da “Gran Eurasia”

Roberto Mansilla Blanco

Nos últimos tempos, Eurasia semella recobrar o interese informativo e de investigación por mor da súa estratéxica localización xeopolítica. Tras dúas décadas de ostracismo motivada polas vicisitudes da transición post-soviética, este polo denominado “Gran Eurasia”⁽¹⁾ observa na actualidade unha dinámica de integración e de recomposición de alianzas que involucra, principalmente, a actores emerxentes a nivel global (China e Rusia) como tamén outros con cada vez maior peso (Turquía, Irán e Kazajstán), os cales confirman a tramitación de diversos intereses xeopolíticos, moitos deles aparentemente compatibles.

Dous son os principais procesos de integración euroasiática. O principal, as Iniciativas da Franxa e da Ruta (OBOR polas súas siglas en inglés), mellor coñecida como as Rutas da Seda, impulsadas polo presidente chinés **Xi Jinping** desde 2015. O segundo ven da Rusia de **Vladimir Putin**, quen lanzou en xaneiro de 2016 a Unión Económica Euroasiática (UEE), como mecanismo de integración rexional dentro do espazo rexional ex soviético, ata agora con menor impacto que a iniciativa chinesa.

Dentro desta dinámica, outras entidades como a Organización de Cooperación de Xangai (OCX), creada en 2001 principalmente por China e Rusia, permite intuír unha

(1) Serbin, Andrés, “La configuración de la Gran Eurasia y su impacto en la gobernanza global”, *Anuario CEIPAZ 2017-2018. Derechos humanos y seguridad internacional: amenazas e involución*, Centro de Educación e Investigación para la Paz (CEIPAZ), Fundación Cultura de Paz, pp. 121-137.

ampliación do interese de diversas potencias rexionais sobre o espazo euroasiático. Aquí afirmáanse claramente Turquía, Irán e India, recentemente admitidos como membros da OCX, un organismo que aposta pola multipolaridade toda vez o núcleo principal de actuación segue a ser sino-ruso.

O momento euroasiático da conta destas particularidades xeopolíticas e de integración cuxa finalidade implica observar outro tipo de globalización non hexemónica, igualmente definida no sistema tripolar establecido por EUA, Rusia e China⁽²⁾. Tralos convulsos anos de transición post-soviética, o caudal de conflitividade rexional ten diminuído sensiblemente, en particular desde 2010. Un exemplo significativo é a parcial ralentización das reclamacións de soberanía territorial existente entre diversos países, principalmente no Cáucaso (a pesares da persistencia de casos de Estados *de feito* como Abxasia, Osetia do Sur e Nagorno Karabaj) e Asia Central, o cal da a entender unha especie de *fait accompli* sobre o mapa territorial e fronteirizo euroasiático.

Con todo, non deben desestimarse a influencia que no cadro euroasiático terán a persistencia de focos de tensión (Afganistán, Oriente Próximo); da “neo-guerra fría” entre Occidente, Rusia e China; do potencial conflictivo rexional (integrismo islamita, autocracias cleptócratas, impulsos de democratización, tensións étnicas e relixiosas); do acceso e repartición equitativa da riquezas naturais; e dos problemas ecolóxicos⁽³⁾.

(2) <https://mundo.sputniknews.com/firmas/201802161076342693-occidente-politica-rusia-china-geoestrategia/>

(3) “Global Risk for Eurasia 2019”, *Astana Club*, novembro de 2018.

A *pax rusa* e chinesa en Eurasia é evidente, pero isto tamén traduce posibles desequilibrios a mediano prazo. Seguindo o modelo de integración europeísta, Moscova tenta vertebrar unha UEE que lle permita recuperar esferas de influencia xeopolítica na súa periferia euroasiática “post-soviética”. Pero o avance das Rutas da Seda chinesas, en especial a través de países como Kirguizistán, Tadxikistán e Kazajstán (este último, rico en petróleo e gas natural), denota posibles rivalidades con Moscova para os próximos anos. Todo iso a pesares do bo estado actual das relacións ruso-chinesas, cada vez máis consolidadas no aspecto estratéxico.

A ausencia occidental e “atlantista” na “Gran Eurasia” tamén é evidente, a diferenza das primeiras dúas décadas “post-soviéticas”. Un caso particular ten sido a neutralización das denominadas “revolucións de cores” que, desde 2003, implicaron unha frontal inxerencia occidental (principalmente por parte de Washington) en escenarios dende Europa do Leste (Ucráina) o Cáucaso (Xeorxia, Armenia) e Asia Central (Kirguizistán, Tadxikistán).

Contextualizado ante a aparición de expectativas e presións “democratizadoras” neses países, estas “revolucións de cores” dinamizaron o pulso occidental por restarlle a Rusia esferas de influencia euroasiática. O resultado, neste sentido, ten sido contraproducente para os intereses occidentais. Rusia e China non só acordan marcos de cooperación neste espazo senón que, incluso, Moscova ten respondido a estes efectos de influencia occidental na súa periferia euroasiática a través da súa implicación dentro do propio espazo hemisférico “atlantista” (Venezuela, Crimea). Pola súa banda, a estratexia Indo-Pacífico

de Trump tenta, dalgún xeito, menoscabar e obstaculizar a viabilidade da idea da “Gran Eurasia”.

Desarticuladas, cando menos momentaneamente, estas expectativas (“revolucións de cores”), aínda que vixentes en casos como o xeorxiano e armenio, o contexto político euroasiático determina igualmente escenarios de relevos políticos pactados entre as elites, incluso de carácter “familiar”, acaecidos en réximes autocráticos (Uzbekistán, Turkmenistán, Acerbaixán), en aras de preservar a estabilidade política.

Toda vez, persisten liderados autoritarios persistentes incluso desde os derradeiros anos da ex URSS, como é o caso do presidente kazajo **Nursultán Nazarbayev**, un

actor primordial á hora de entender a evolución recente de Asia Central e precursor (a partires de 1994) dunha visión xeopolítica “euroasiática”⁽⁴⁾, que coloca a Kazajstán como unha especie de actor “pivote” de equilibrio entre Rusia, China e incluso Turquía.

Na configuración do próximo sistema internacional, Eurasia busca o seu lugar no mundo da multipolaridade non hexemónica. Neste traspaso de poder do Atlántico cara Asia, a masa continental euroasiática ocupa un lugar estratéxico non só de tránsito senón de definición de marcos de equilibrio xeopolítico. Pode que isto certifique a revitalización da súa importancia, enmarcada nos intereses de potencias emerxentes como China, Rusia, Turquía e Irán.

(4) O termo “eurasianismo” ten múltiples significados de carácter multidimensional, aplicadas a connotacións ideolóxicas, xeopolíticas, filosóficas, históricas e incluso de sentido nacionalista a través de diversos enfoques por parte de actores con enorme potencialidade xeopolítica rexional, como son os casos de Rusia, Turquía e China. No caso kazajo, esta modalidade “euroasiática” corresponde a mecanismos autóctonos propios establecidos por parte das sociedades centroasiáticas, focalizados en aspectos recorrentes de integración rexional. Ver: Serbin, *op.cit.*, p. 134.

6.

Personaxes de 2018

Jair Bolsonaro



A súa contundente vitoria electoral (55% dos sufraxios) na segunda volta dos comicios presidenciais brasileiros (outubro de 2018) colocou ao ex militar e senador Jair Bolsonaro (63 anos) na presidencia da maior potencia económica hemisférica, tras EUA. O cambio político escenificado coa súa ascensión presidencial (1º de febreiro de 2019) anuncia un novo momento para Brasil, non exento de preocupantes incertezas. Considerado como o “Trump brasileiro”, Bolsonaro ampárase nun discurso ultraconservador, de fortes connotacións relixiosas, ultraliberal no económico, de tintes racista e misóxino, reivindicativo da ditadura militar brasileira (1965-1985), intransixente co que denomina o “marxismo cultural” e a ideoloxía de xénero, e rupturista con pactos internacionais (COP24 sobre o cambio

climático), que afectará a un dos países con maiores reservas naturais (a Amazonía). Tras trece anos (2003-2016) de gobernos “petistas” (Partido dos Traballadores, PT) con **Lula da Silva** e **Dilma Rouseff** e do breve interregno de **Michel Temer** (2016-2019), a transición brasileira en mans de Bolsonaro anúnciase igualmente conflictiva, con preocupantes expectativas no relativo ao equilibrio de poderes e da calidade democrática. Como ocorrera con **Trump** e o seu proceso de “desomabanización”, Bolsonaro eríxese como o arquitecto da “deslulización” e do derrube do “petismo” na política brasileira. Non obstante, este viraxe en Brasil corre paralelo co retorno “neoconservador” recentemente presentado nos procesos electorais en América Latina (Arxentina, Colombia, Perú, Chile, Paraguai, Ecuador). Toda vez, Bolsonaro tramitará unha reconfiguración das alianzas exteriores de Brasilia, agora mais próximas con EUA e os seus aliados (Israel) así como de gobernos europeos conservadores e de dereitas, que denotan un rexeite contundente de cara ás anteriores alianzas consolidadas polo “lulismo” e o PT (Venezuela, Cuba, China, Irán). A implicación de Bolsonaro dentro da actual crise venezolana (xaneiro-febreiro de 2019) é un feito que evidencia este cambio de prioridades para a nova política exterior brasileira.

■ Sahle-Work Zewde



A elección (outubro de 2018) de Sahle-Work Zewde (68 anos) como presidenta da República Democrática Federal de Etiopía ten un significado transcendente dentro da actualidade política africana. Se ben pode corresponder a un cargo representativo e simbólico, tomando en conta que o poder en Etiopía está en mans do primeiro ministro **Abiy Ahmed**, **Zewde** eríxese actualmente como a única

muller presidenta en África. Así, a transición política etíope determinará un equilibrio democrático de poder entre Zewde e Ahmed con consecuencias positivas para a rexión, a tenor do tratado de paz con Eritrea (setembro de 2018), que puxo fin a décadas de conflito armado. Zewde e Ahmed darán igualmente curso a unha serie de reformas políticas (dereitos humanos, construción da paz, apertura exterior) nun país que avanza con firmeza como actor económico emerxente a nivel africano. Entre as reformas económicas, Etiopía impulsa un equilibrio entre privatización e a presenza estatal, toda vez China avanza como un dos seus principais investidores estranxeiros. A presidencia reformista de Zewde define así un momento de optimismo non só para Etiopía senón para África, particularmente ante os avances da política en perspectiva de xénero e dos avances da democratización a nivel continental.

■ Matteo Salvini



Un dos rostros visibles do “neopopulismo” de extrema dereita ascendente en Europa trala crise migratoria de 2015, o vicepresidente do Consello de Ministros e ministro do Interior, Matteo Salvini (45 anos), come-

za a deixar a súa polémica pegada dentro da política italiana e europea. Líder do partido de ultradereita Liga Norte, Salvini mantén unha intransixente “liña dura” en materia de inmigración, confirmada coa adopción da denominada “Lei Salvini” de veto migratorio, e que ten levado ao peche de centros de acollida de refuxiados e a negarse a recibir a milloiros de refuxiados e inmigrantes nas costas italianas. Esta liña política está provocando serias fendas dentro do goberno transalpino dirixido polo primeiro ministro **Giusseppe Conti**, así como da política italiana (pactos co M5S, rebelión de alcaldes progresistas) pero tamén contrariedades e polarización co respecto á Unión Europea. En materia de alianzas exteriores, Salvini é tamén un “en-

fant terrible” para a política europea. Ten amosado alianzas e simpatías con líderes ultraconservadores europeos, destacando o polémico primeiro ministro húngaro **Viktor Orban**, o ultracatólico partido Lei e Xustiza polaco e incluso co presidente ruso **Vladimir Putin**. Pero estas simpatías tamén ampliáanse de cara ao recen elixido mandatario brasileiro **Jair Bolsonaro** e o polémico

■ Meng Wanzhou



A detención en Canadá (1º de decembro de 2018), por presunta estafa financeira de Meng Wanzhou (47 anos), vicepresidenta da multinacional de telecomunicacións chinesa Huawei, a petición das autoridades estadounidenses, supuxo un *impasse* de forte tensión diplomática que acrecentou o nivel de enfriamento das relacións actualmente existentes entre China e Occidente. Neste sentido, Washington solicitou a Canadá a extradición de Wanzhou, toda vez China pediu a súa inmediata liberación nun asunto que Beijing interpreta como un ataque ao seu país. A pe-

primeiro ministro israelí **Benjamín Netanyahu**. O “efecto Salvini” advirte con converterse nunha tendencia política e electoral de “ultradereita” nunha Europa politicamente atomizada, que asiste con preocupación ao ascenso destas expresións populistas de cara aos comicios parlamentarios europeos de maio próximo, coa política migratoria como centro de atención.

sar de estar en condición de liberdade baixo fianza, o goberno estadounidense inculpouna (xaneiro de 2019) con 23 cargos de presunto fraude bancario e financeiro, lavado de diñeiro, obstrución da xustiza e violacións das sancións estadounidenses contra Irán, tomando en conta que estas acusacións contra Wanzhou tamén incluíron á subsidiaria iraniana de Huawei, Skycom. Estes cargos poderían condenala a 30 anos de prisión. O “caso Wanzhou” revela en qué medida a rivalidade comercial (e a súa consecuente confrontación xeopolítica) entre EUA e China achégase igualmente á industria das telecomunicacións, particularmente no caso das multinacionais estadounidenses. Este caso pode advertir sinuosas medidas proteccionistas por parte das multinacionais estadounidenses e incluso europeas ante a competencia que denota Huawei no mercado global. Neste sentido, Huawei eríxese como o símbolo da competitividade internacional da marca “made in China”, equiparándose e incluso superando a multinacionais tan poderosas como Apple e Samsung.

Theresa May



Poucos líderes mundiais tiveron un 2018 mais tenso (e adverso) que a primeira ministro británica Theresa May. Este diagnóstico pode ampliarse claramente de cara a este convulso 2019. O foco de tensión é a interminable discusión en Londres sobre o acordo alcanzado por May coa Unión Europea (marzo de 2017) co respecto ao Brexit, en particular os efectos que terá o mesmo unha vez se materialice a saída británica da UE, pautada para o próximo 29 de marzo de 2019.

Membros do seu partido conservador “torie” rebeláronse abertamente contra este acordo na Cámara dos Comúns (14 xaneiro de 2019), abrindo incluso a posibilidade dunha moción de censura que acabara coa turbulenta “era May” en Downing Street. Se ben o Brexit acordado por May coa UE contrariou aos parlamentarios “tories” mais euroescépticos, o mesmo está paralelamente reforzando algunhas das opcións dos británicos “europeístas” opostos á saída da UE, particularmente á hora de premer pola eventual realización doutro referendo “anti-Brexit”. A isto deben engadirse as recentes tensións sobre a votación parlamentaria do Brexit en Irlanda do Norte, un súbito escenario para May que revela as contrariedades que ten este acordo en materia de política autonómica dentro do Reino Unido. Polo pronto, os efectos do Brexit xa alcanzaron o escenario electoral: por primeira vez, Gran Bretaña non votará nas eleccións parlamentarias europeas de maio próximo.

7.

Os autores



Alfredo Toro Hardy

Diplomático e académico venezolano. Embaixador retirado e autor de 19 libros en relacións internacionais.



David Alvarado

Investigador asociado do IGADI. Especialista no norte de África e o mundo árabe.



Jared D. Larson

Investigador asociado do IGADI. Profesor auxiliar da Humboldt State University (EUA).



Augusto Zamora

Profesor de Relacións Internacionais e autor de *Réquiem polifónico por Occidente*, (Akal, outubro 2018) e de *Política y Geopolítica para rebeldes, irreverentes y escépticos* (Akal, 2016, 3ª edición, 2018).



Frederico de Almeida

Profesor do Departamento de Ciencia Política do Instituto de Filosofía e Ciencias Humanas da Universidade Estadual de Campinas (estado de São Paulo, Brasil) e coordinador do PolCrim - Laboratorio de Estudos sobre Política e Criminoloxía.



Marola Padín Novás

Colaboradora do IGADI e do Observatorio da Política China (OPCh).



María Xosé Porteiro

Xornalista, escritora e antiga Delegada da Xunta de Galicia en Arxentina. Membro do Consello Reitor do IGADI.



Micaela Fernández Darriba

Licenciada en Ciencias da Comunicación (Universidade de Bos Aires). Maestranda en Historia do Arte (Universidad de San Martín) e Crítica de Arte (Instituto Universitario Nacional de Artes, IUNA). Fundadora da ONG “La igualdad en juego”.



Miriam González Francisco

Xornalista especializada en Rusia e o espazo post-soviético. Colaboradora do IGADI.



Pablo L. Orosa

Licenciado en Ciencias da Información (Universidade Complutense de Madrid). Xornalista *freelance* con traxectoria profesional en Onda Cero e Axencia Efe (A Coruña).



Roberto Mansilla Blanco

Analista e investigador do IGADI.

IGADI ANNUAL REPORT 2018-2019

En rumbo de colisión

www.igadi.org

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



En Galicia
temos
opinión
do Mundo

